

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 8 DE ABRIL DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaoto horas e dez minutos do día oito de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os concelleiros:

Don José Antonio López Rodríguez, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Dona María del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rocío Rey Sampayo, Dona Rita María Couto Seijido, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Secretaria accidental:

Dona Ana María Vázquez Menéndez, (Resolución da Alcaldía 205/2010, de 7 de abril).

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 2, 4 e 25 de FEBREIRO DE 2010.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. alcalde-presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 2, 4 e 25 de febreiro de 2010, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, o Sr. alcalde-presidente sométe a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 2, 4 e 25 de febreiro de 2010.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXO PARA EXPRESAR A SOLIDARIDADE CO XUÍZ BALTASAR GARZÓN.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción xa foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Seguridade en sesión ordinaria celebrada en data 29 de marzo de 2010 e seguidamente da lectura á moción, que transcrita di:

“2º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXO PARA EXPRESAR A SOLIDARIDADE CO XUÍZ BALTASAR GARZÓN.

Seguidamente dáse conta da moción realtiva ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE FENE

Moción do grupo municipal de EU para expresar a solidariedade co xuíz Baltasar Garzón

Manuel Sanchez Martínez, Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, de Fene presenta a seguinte Moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario e debatida no mesmo coa seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Moitas cidadás e cidadáns estamos a seguir cunha extraordinaria preocupación a situación que se está a producir en relación coa actuación do Tribunal Supremo, con motivo das acusacións por prevaricación co xuíz Baltasar Garzón.

Á marxe doutras consideracións sobre o traballo do xuíz Baltasar Garzón, semella sorprendente que se lle abra un expediente de suspensión en base a admisión a trámite dunha querela criminal interposta contra o mesmo pola súa actuación xudicial para tentar investigar os crimes imprescritibles do franquismo, e outra dirixida a deixar sen valor as probas obtidas na investigación do caso Gürtel.

Produce indignación e bochorno comprobar como en troques de animar a persecución dos delitos cometidos durante o franquismo contra moitas e moitos cidadáns do noso país e do Estado, se persiga a quen tenta contribuír a facer xustiza, no increíble salto que supón amparar aos verdugos e abandonar unha vez máis ás vítimas.

Semella igualmente sorprendente a pretensión de, mediante querelas criminais constantes, minar o esforzo xudicial por tentar esclarecer tramas de corrupción como o chamado caso Gürtel, tentando amparar as prácticas corruptas, limitando a posibilidade de investigación. De se continuar a tramitación contra o xuíz Garzón, se estaría a pór en perigo a investigación do caso Gürtel e a sementar un camiño de impiedade para os actualmente implicados.

Estas actuacións xudiciais comenzadas polos ámbitos da dereita e a extrema dereita do noso país, autores de querelas criminais admitidas a trámite, supoñen un pulso inaceptable á democracia e á xustiza, que non debe ser amparado polos órganos de goberno dos xuíces.

O que está a ocorrer no presente caso non é só unha actuación contra un xuíz que, no exercicio das súas funcións, comeza actuacións xudiciais no ámbito da súa competencia e no marco das atribucións que ten encomendadas, senón que o que se traslada á cidadanía é que neste Estado hai asuntos e persoas que son intocables e que actuar contra eles supón, aínda hoxe, atraerse graves consecuencias.

O noso Grupo Municipal coida que a campaña de acoso e derrubo que está a executar a extrema dereita e a dereita é realmente inadmisíbel en democracia, tenta minar a independencia xudicial e pretende enciar unha mensaxe ao conxunto da cidadanía; que existen límites non escritos para a acción da xustiza e a democracia.

Non é estrano que demócratas de todo o mundo e diferentes organizacións xudiciais do Estado e internacionais de dereitos humanos expresen o seu escándalo perante esta campaña, e amosen a súa solidariedade co xuíz Baltasar Garzón.

O nos Grupo Municipal considera que namentras non se resolvan os procedementos xudiciais contra o xuíz Garzón, este non debe ser suspendido nas súas funcións, nen se deben continuar a tomar decisións que poñan en cuestión a imparcialidade do órgano de goberno dos xuíces e do propio Tribunal Supremo.

Xa que logo, o Grupo Municipal de Esquerda Unida proón ao Pleno do concello de Fene a seguinte proposta de ACORDOS:

1º.- Amosar a solidariedade e apoio ao xuíz Baltasar Garzón, diante a campaña de acoso e derrubo ao que está a ser sometido.

2º.- Esixir ao Consello Xeral do Poder xudicial que actúe con absoluta imparcialidade no presente asunto, sen proceder a tomar decisións de suspensión das funcións do xuíz Baltasar Garzón, namentras non se produzan resolucións xudiciais en relacións cos feitos que se lle imputan.

3º.- Esixir que as vítimas do franquismo que instaron o comezo do procedemento xudicial aberto polo crimes da ditadura franquista poidan ser parte no procedemento xudicial aberto contra o xuíz Baltasar Garzón polo Tribunal Supremo.

4º.- Garantir que os procedementos por corrupción, investigados até o momento polo xuíz Garzón continúen en amplíen o ámbito de investigación ao obxecto de esclarecer as responsabilidades penais a que haxa lugar.

5º.- Dar traslado da seguinte proposta de acordos á Presidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Fene, 21 de marzo de 2010.
Asdo: Manuel Sanchez martinez
Voceiro do Grupo Municipal de EU"

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda con catro (4) votos a favor(dos Sres/a Lourido González, Rodríguez Carballeira, Silvar Canosa e Sánchez Martínez), e con un voto en contra (do Sr. Galego Feal) e unha abstención (do Sr. Pico Sanmartín), ditaminar favorablemente a moción que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos."

Continúa dicindo o Sr. Sánchez Martínez que o xuíz non se pode dubidar da súa imparcialidade política, xa que xulgou a membros de todas as ideoloxías, loitou contra o narcotráfico e a corrupción, así coma contra o terrorismo e que cree que é un xuíz prestixioso a nivel europeo e mundial, que encabezou a loita contra os crimes contra a humanidade.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG non vai entrar a debater esta moción por que se mesturan moitas cuestións de diferentes ámbitos, uns políticos e outros xudiciais, e por iso non van entrar a debater, aínda que poidan compartir algunha cuestión.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que o Partido Popular vai manter o seu voto negativo e tampouco vai entrar en debate, xa que coma dixo o voceiro do BNG, mestúranse moitas cousas que non teñen que ver nada unha con outras, pero que o que si quere dicir, para xustificar ese voto en contra é a mestura da moción e pensa que si en algo hai que ser rigoroso é no de respectar a independencia de xuíces e tribunais, coma así establece a nosa Constitución, votada tamén por IU e afirmar, coma se di na moción, que o Consello Xeral do Poder Xudicial que actúe con absoluta imparcialidade non se pode compartir e que aos xuíces o único que se lles pode esixir é que cumpran coa Lei; que as dúbidas que se formulan na moción lle parecen moi graves e que coma todos somos iguais ante a Lei as garantías que ten o xuíz Baltasar Garzón están amparadas pola Lei e non hai que ter ningunha teima en que o proceso siga adiante, xa que ten todas as garantías de se poder defender e ten a súa presunción de inocencia; que este é o criterio que ten esta formación.

De seguido intervén o Sr. alcalde-presidente que manifesta que o seu partido vai manter o sentido do voto manifestado na Comisión que é a favor da moción, xa que á marxe de cuestións xurídicas, técnicas e legais e a marxe tamén da persoa de Baltasar Garzón, que é unha persoa máis que non merece nin máis nin menos solidariedade, pero si no fondo e na transcendencia social e política do que se está a vivir co seu proceso merece unha reflexión, respectando a independencia xudicial e pensa que se hoxe alguén vise a prensa e se vira que o primeiro cidadán español que foi procesado e que se lle abre unha causa xudicial relacionada cos crimes do franquismo foi precisamente o xuíz que atendendo a reclamacións de asociacións de vítimas decide iniciar unha causa para exhumar os cadáveres que están enterrados en gabias e fosas comúns por todo o país e decide darlle o primeiro apoio en democracia a esas familias que levan setenta anos intentando localizar aos seus familiares, pensarías que estamos nun país onde estamos todos tolos, e si aínda encima quen impulsa esa causa son as familias das vítimas e, contra o xuíz, a impulsan asociación tan sumamente democráticas coma Falange Española e Manos Limpias, pois pensaría que estamos nun país rematadamente tolo, polo que ante isto non poden quedar calados e impasibles; que por iso van votar a favor desta moción e apoian o contido daquela.

A continuación pide o uso o Sr. Sánchez Martínez que defende de novo a moción e puntualiza dúas cuestións da prensa internacional, cita a Le Monde que publica no seu titular de hoxe que “Garzón ten moitos enemigos, non so políticos se non tamén entre os seus colegas, xa que non ven con bos ollos coma acepta os asuntos máis importantes”, e continúa máis adiante dicindo “reabrir as feridas de Chile e Arxentina vale, pero poñer a transición e o pacto de silencio que houbo ao final do franquismo sería intolerable par moitos” o el Herald Tribune que di “se acusa a un xuíz que foi referente para a loita contra o terrorismo e a corrupción”; que o certo é que un país que asina que os crimes contra a humanidade non prescriben e por contra se está a enxuizar a unha persoa que está defendendo ás vítimas, que hai que ter en conta que España é o segundo país do mundo que máis vítimas ten enterradas nas gabias detrás de Vietnam, que España ten a medalla de prata neste asunto; que hai xuíces de altos tribunais de Chile e Arxentina que se ofrecen voluntarios para a súa defensa; que se este xuíz sae condenado se caerá noutra lenda negra.

Rematado o debate, a presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 29 de marzo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Catro (4), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: Cinco (5), (do Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º.- Aposar a solidariedade e apoio ao xuíz Baltasar Garzón, diante a campaña de acoso e derrubo ao que está a ser sometido.

2º.- Esixir ao Consello Xeral do Poder xudicial que actúe con absoluta imparcialidade no presente asunto, sen proceder a tomar decisións de suspensión das funcións do xuíz Baltasar Garzón, namentras non se produzan resolucións xudiciais en relacións cos feitos que se lle imputan.

3º.- Esixir que as vítimas do franquismo que instaron o comezo do procedemento xudicial aberto polo crimes da ditadura franquista poidan ser parte no procedemento xudicial aberto contra o xuíz Baltasar Garzón polo Tribunal Supremo.

4º.- Garantir que os procedementos por corrupción, investigados até o momento polo xuíz Garzón continúen en amplíen o ámbito de investigación ao obxecto de esclarecer as responsabilidades penais a que haxa lugar.

5º.- Dar traslado da seguinte proposta de acordos á Presidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial.

3º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2010.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente e di que este asunto está ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de marzo de 2010, que transcrito literalmente di:

“3º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2010.

Seguidamente dase conta da proposta da Alcaldía de data 12 de marzo de 2010 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2010

Visto o informe da Intervención municipal de 12 de marzo relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/2010 por un importe total de 20.089,49 € e que transcrito di:

“DE INTERVENCIÓN

O CONCELLO PLENO

INFORME DE INTERVENCIÓN (REPARO 5/2010)

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 1/2010.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

- (TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- *Real Decreto 1496/2003* que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2008, prorrogado ó 2010.

ANTECEDENTES

Con data de 12 de marzo, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 20.089,49 €. A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do **recoñecemento extraxudicial** de crédito.

Non obstante, tamén é necesario recoñecer que nalgún caso (cuestión que non ocorre no presente expediente), o causante directo do incumprimento do principio de anualidade orzamentaria é o propio proveedor que non presenta factura ata moitos meses despois da prestación do servizo (e xa no ano seguinte cando a contabilidade do exercicio no que se fixo o gasto xa está pechada).

Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos:A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que

“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servico debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servico executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 23ª de BE/08, prorrogado, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que “2.-O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real DECreto 500/1990.”

Nas partidas orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior, polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o Pleno** ó amparo do RD500/90 e de conformidade co previsto nas BEO/08, prorrogado.

Tendo en conta que no momento de tramitación do presente expediente o orzamento do exercicio 2008 está prorrogado e tal e como se indicara pola ALcaldía no orzamento do citado exercicio non se consignaron os créditos suficientes para poder facer fronte a eventuais

recoñecementos extraxudiciales, en consecuencia, e dado que neste momento continúa a prórroga do orzamento do exercicio 2008, tampouco neste momento pódese considerar que existe crédito adecuado e suficiente nas partidas do mesmo. E polo que a competencia para a aprobación do expediente lle corresponde ó Pleno da Corporación.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Non obstante o anterior, realízanse determinadas observacións no apartado específico do presente informe.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables o que implica que efectivamente o gasto foi realizado.

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial 1/10 é de conformidade parcial, salvo no relativo ás facturas que se fiscalizan de desconformidade (sin efectos suspensivos).

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servizo das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.

2. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediare al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Así mesmo, no artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

1. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artículo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ós exercicios 2008 e 2007 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real. **En consecuencia, a imputación destes gastos de exercicios anteriores ó orzamento implicarán unha limitación importantísima de cara a poder recoñecer as obrigas do exercicio corrente.**

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

OBSERVACIONES

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos as seguintes facturas:

1/Asociación Cultural Centolos, por importe de 5.000,00 € en concepto de Organización do Fenerock Festival.

2/Factura de Asociación Micolóxica Viriato, por importe de 2.000,00 € en concepto de organización das XI Xornadas Micolóxicas.

3/Factura de AAVV San Xurxo de Magalofes por importe de 1.800,00 en concepto de organización da XIX FEsta do Cabalo

Nestes casos, as facturas presentadas non se axustan ó disposto no RD1496/2003 polo que se regulan as obrigas de facturación.

Fiscalízase desfavorablemente e con efectos suspensivos as seguintes facturas:

1/Factura de Asociación Cultural Felicia por importe de 5.000,00 en concepto de “Colaboración na organización do Festival Felipop 2009”.

Neste caso polo concepto facturado “colaboración na organización” dedúcese que se trata dunha subvención “indirecta” concedida polo concello á entidade á marxe dos procedementos legamente establecidos na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

Fene, a 12 de marzo de 2010.

A Interventora

Asdo: Marta Roca Naveira”

Considerando que no citado informe poñíase de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente (exercicio 2009), polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “*recoñecemento extraxudicial de crédito*” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2008, prorrogado non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de facturas dos exercicios anteriores e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º. Levantamento do reparo nº 5/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 12 de marzo de 2010, en aplicación do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

2º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/10 por un importe total de 20.089,49 €.

3º A conseguinte aprobación, e pago, da relación de facturas con cargo ás partidas orzamentarias de aplicación dacordo co detalle á presente proposta.

En Fene, a 12 de marzo de 2010.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera

ANEXO

Proveedor	Concepto	Partida	Importe
------------------	-----------------	----------------	----------------

Jesus santamaria Abadia	Honorarios notariais copias simples escrituras	920.226.04	213,39
Jesus santamaria Abadia	Honorarios notariais copias simples escrituras	920.226.04	76,1
A.C.Centolos	Organización Festival VII Fene Rock	334.227.96	5000
Banda de Gaitas Airiños de Fene	Organización XXI Xuntanza de Gaiteiros 2009	334.227.96	5000
AVV Santa Eulalia de Limodre	Organización da 15ª Festa da Orella	334.227.96	1000
Asociación Micoloxica Viriatol	Organización XI Xornadas Micoloxicas	334.227.96	2000
Felicia Asociación Cultural	Organización Festival Felipop 2009	334.227.96	5000
AVV S. Xurxo de Magalofes	Organización XIX Festa do Cabalo 2009	334.227.96	1800
Totais			20089,49

“

Dase conta da nota informativa de Secretaría 19/2010, de data 16 de marzo de 2010 que, transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

19/2010

Téndose incluído na orde do día da sesión a celebrar pola Comisión Informatica de Facenda e Promoción económica en data 18 de marzo de 2010 o asunto relativo ao recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2010, en uso das atribucións conferidas á Secretaría da Corporación polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por esta Secretaría fanse as seguintes observacións:

- *Consta no informe examinado informe de Intervención de data 12 de marzo de 2010, no que, entre outras cousas, se sinala que se fiscalizan desfavorablemente as seguintes facturas:*

Sen efectos suspensivos:

1/Asociación Cultural Centolos, por importe de 5.000,00 € en concepto de Organización do Fenerock Festival.

2/Factura de Asociación Micolóxica viriato, por importe de 2.000,00 € en concepto de organización das XI Xornadas Micolóxicas.

3/Factura de AAVV San Xurxo de Magalofes por importe de 1.800,00 en concepto de organización da XIX Festa do Cabalo

Con efectos suspensivos:

1/Factura de Asociación Cultural Felicia por importe de 5.000,00 en concepto de “Colaboración na organización do Festival Felipop 2009”.

Sínálase pola Intervención municipal verbo das facturas fiscalizadas desfavorablemente sen efectos suspensivos que “Nestes casos, as facturas presentadas non se axustan ó disposto no RD1496/2003 polo que se regulan as obrigas de facturación.”; e verbo da fiscalizada con efectos suspensivos que “Neste caso polo concepto facturado “colaboración na organización” dedúcese que se trata dunha subvención “indirecta” concedida polo concello á entidade á marxe dos procedementos legalmente establecidos na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento”.

Esta Secretaría comparte o criterio da Intervención municipal verbo das facturas fiscalizadas desfavorablemente anteriormente relacionadas.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha (5)plana. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para a análise da documentación, requiren dun exame máis coidado do expediente e de toda a documentación con incidencia sobre o asunto, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.

*Fene, 16 de marzo de 2010
A SECRETARIA
Asdo: Pilar María Pastor Novo.”*

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da alcaldía de data 12 de marzo de 2010, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de marzo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Catro. (4), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º. Levantamento do reparo nº 5/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 12 de marzo de 2010, en aplicación do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

2º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/10 por un importe total de 20.089,49 €

3º A conseguinte aprobación, e pago, da relación de facturas con cargo ás partidas orzamentarias de aplicación dacordo co detalle á presente proposta.

ANEXO

Proveedor	Concepto	Partida	Importe
Jesus santamaria Abadia	Honorarios notariais copias simples escrituras	920.226.04	213,39
Jesus santamaria Abadia	Honorarios notariais copias simples escrituras	920.226.04	76,1
A.C.Centolos	Organización Festival VII Fene Rock	334.227.96	5000

Banda de Gaitas Airiños de Fene	Organización XXI Xuntanza de Gaiteiros 2009	334.227.96	5000
AVV Santa Eulalia de Limodre	Organización da 15ª Festa da Orella	334.227.96	1000
Asociación Micoloxica Viriatol	Organización XI Xornadas Micoloxicas	334.227.96	2000
Felicia Asociación Cultural	Organización Festival Felipop 2009	334.227.96	5000
AVV S. Xurxo de Magalofes	Organización XIX Festa do Cabalo 2009	334.227.96	1800
Totais			20089,49

4º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN AO CAMBIO DE MODELO NA POLÍTICA SANITARIA PUBLICA DA XUNTA DE GALICIA.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente e manifesta que hai un erro xa que na Comisión se acordou presentala conxuntamente co BNG e IU, polo que habería que proceder ao cambio do título deste punto e da lectura da moción ditaminada na Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 25 de marzo de 2010, que transcrita literalmente di:

“Seguidamente, e antes de entrar no punto de rogos e preguntas intervén a Sra. Presidenta e manifesta que desexa someter á consideración da comisión, por razóns de urxencia, o asunto relativo á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao cambio de modelo na política sanitaria pública da Xunta de Galicia. Continúa Sra. Presidenta dicindo que non puido ser incluída na orde do día por ser posterior á data da convocatoria desta Comisión e que desexa someterla á mesma por razóns de urxencia, ao obxecto de poder ser tratada no vindeiro pleno ordinario.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo non ten ningún inconveniente en canto á urxencia.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen, unha vez concedido, manifesta que non cren que haxa urxencia de ningún tipo.

Pide novamente o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia é unha cuestión de procedemento, e que non ten que ver co fondo do asunto; que ao non estar o asunto na orde do día débese aprobar previamente a urxencia para poder tratalo; que hai unha data da que ahí se fala ,que é o día 11 de abril e o vindeiro pleno é o oito de abril.

O Sr. Franco Casal pide novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que, á vista do sinalado polo Sr. Polo Gundín e en aras de evitar ter que celebrar outra sesión da Comisión para tratar o asunto, votarán a favor da urxencia

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia.

A continuación dáse conta da moción do PSdeG-PSOE, que transcrita di:

“O grupo Municipal do PSdeG-PSOEó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación ao **CAMBIO DE MODELO NA POLÍTICA SANITARIA PUBLICA DA XUNTA DE GALICIA**, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E VOTACIÓN A SEGUINTE MOCIÓN Ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á protección á saúde, constitúe un dos eixes fundamentais dun Estado democrático e social e así se recolle nos principios da política social e económica da Constitución do ano 78, a cal establece no seu artigo 41 o seguinte “ Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes perante situación de necesidade. Para proseguir no artigo 43 do texto constitucional cando afirma o dereito á protección á saúde do seguinte teor: Recoñécese o dereito á protección da saúde. Corresponde aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios.

Estes dereitos recollidos no texto constitucional e as competencias que se recollen neste eido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 33, restan ameazados pola sistemática falla de recursos co que o goberno da Xunta de Galicia atenaza ao Servizo Galego de Saúde, co conseguinte ,menoscabo da calidade asistencial do sistema.

A actual Xunta de Galicia ten unha deriva que non cesa de incremento nos orzamentos destinados á sanidade privada, recursos que se drenan en prexuízo da sanidade pública, ao través do mecanismo dos concertos cos hospitais privados, cando terían que ser empregados en mellorar o sistema sanitario público.

Falla de recursos públicos que ten unha traducción inmediata e negativa na nosa comarca que ten a necesidade de dimensionar os cadros de persoal garantindo, en todo momento, a cobertura do 100% das ausencias por enfermidade, permisos, vacacións, etc. Necesidade que se fai extensiva a manter o Plan de Mellora da Atención Primaria para garantir uns tempos de consulta médica axeitados (10 minutos por paciente) e a extensión dos programas e plan de coidados de Enfermería. Necesidade que require da creación de novas consultas en Atención Especializada que hoxe non existen na Área Sanitaria.

Falla de recursos que gravita sobre a necesidade insatisfeita da creación dun Centro de Referencia das Enfermidades Profesionais nesta Área Sanitaria.

Asfixia do Goberno do PP que non pode supor baixo ningún concepto a posta en cuestión dos compromisos económicos coa área Sanitaria de Ferrolterra para desenvolver o Plan Director do Complexo Hospitalario e mailos compromisos de investimento par este exercicio inxeridos no Plano de Investimentos en Alta Tecnoloxía.

O incremento do gasto farmacéutico segue unha progresión que de non atallarse pronto superará aos gastos de persoal e servirá para facer pendurar sobre a sanidade pública a pantasma de creba. Ouizabes nunha estratexia buscada que serviría a unha administración pública, cunha praxe que a define contraria á prestación pública dos servizos e dereitos económicos e sociais, para avanzar fórmulas do copago ou a mera redución das prestacións do sistema. Non se trata de reducir a dispensa dos medicamentos necesarios senón de que haxa un control e que se xogue a fondo a carta da subministración de xenéricos.

Coidar dos recursos públicos e colmar as carencias da nosa Área Sanitaria supón crear un sistema de alerta sanitaria directamente relacionado co Atención Primaria, para que o gasto asistencial derivado da asistencia a efermidades profesionais recaía nas Mutuas e non se cargue sobre a Sanidade Pública.

A aplicación de políticas neoliberais no eido da sanidade pública vén a pór en cuestión o contido da propia Lei Xeral de Sanidade, que no seu artigo 3.2 afirma que “ A asistencia sanitaria pública estenderase a toda a poboación española. O acceso e as prestacións sanitarias realizaranse en condicións de igualdade efectiva”.

O mesmo texto legal establece no seu artigo 90.1 o seguinte: As Administracións Públicas Sanitarias, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer concertos para

a prestación de servizos sanitarios con medios alleos a elas. A eses efectos, as distintas administracións públicas terán en conta, con carácter previo, a utilización óptima dos seus recursos sanitarios propios. Para o noso Grupo Municipal hai que facer unha revisión dos concertos privados- que tiveron nestes anos un hipertrofiado crecemento- para eliminar os que sexan innecesarios. E máis, coidamos que para paliar a escaseza dos recursos sociosanitarios na comarca- na actualidade moi insuficientes- dada as características e da idade de poboación, amosamos a conveniencia de integrar na rede pública o Hospital Xeral Juan Cardona.

Non queremos deixar pasar que semella unha cuestión fundamental garantir a prestación da interrupción libre do embarazo na nosa Área Sanitaria, no complexo hospitalario de Ferrol, sen necesidade de que se teñan que desprazar a outros complexos por mor da obxección de conciencia de todos os profesionais de Ferrol nesta materia.

Por todo o sinalado anteriormente, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno do Concello de Fene:

1. Manifesta a súa máis rotunda oposición á política de privatización dos centros de saúde e hospitais a desenvolver polo Goberno da Xunta de Galicia.
2. Demanda un maior compromiso da Consellaría de Sanidade para desenvolver a sanidade pública atendendo a súa consideración de servizo público e principio reitor da política social.
3. Require ao Goberno da Xunta de Galicia un meirande compromiso orzamentario para superar o actual insuficiente financiamento da sanidade pública (1 punto do PIB inferior á media da UE)
4. Insta ao goberno do Estado á derogación da Lei 15/97 sobre habilitación de novas formas de xestións do Sistema Nacional de Saúde.
5. Acorda manifestar o seu pleno apoio e colaboración coa mobilización convocada para o día 11 de abril ás 12 do mediodía pola Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública na Área Sanitaria de Ferrol.

Fene, 24 de marzo de 2010.

JOSÉ ANTONIO LÓPEZ RODRÍGUEZ
Voceiro do G.M. do PSdeG PSOE
ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE”

Aberto o debate(..../....)

Rematado o debate e sometido pola presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e igualdade acorda con sete (7) votos a favor(dos/as Sres/as Silvar Canosa, Rey Sampayo, Lourido González, López Rodríguez, Couto Seijido, Polo Gundín e Sánchez Martínez), e cos votos en contra dos Sres. Franco casal e Fornos Corral, ditaminar favorablemente a moción que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Continúa o Sr. alcalde-presidente que manifesta que esta moción foi achegada pola Plataforma da Sanidade Pública da Área Sanitaria de Ferrolterra para amosar a esta corporación municipal as súas demandas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG apoia totalmente esta iniciativa, que participan dentro desta plataforma e manifesta que se está nunha situación na que se produce un retroceso no que é a prestación sanitaria nun sentido público e tamén entende que hai que chamar a cidadanía de que se está nun proceso de involución en moitos aspectos, por parte do actual goberno galego, entre

outros no aspecto sanitario, polo que dende o BNG se aposta por unha liña de explotación directa dos servizos sanitarios.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que van manter o seu voto; que coma esta moción foi presentada inicialmente polo partido socialista, aínda que despois se conxunta entre os tres, quérelle dicir que ao partido socialista que son moi pouco imaxinativos e pouco orixinais xa que sempre que goberna o partido popular sempre sae o da privatización da sanidade pública e pregunta que dende a preautonomía ata o de hoxe transcorreron trinta e un anos dos que o goberno de González Laxe gobernou dous anos e o bipartito catro estando o partido popular gobernando os outros vinte e cinco anos e pregunta que foi o que se privatizou si se ampliaron os centros de Santiago, Ferrol e A Coruña, que se crearon centros de saúde, etc; que pensa que as veces se confunde privatización con financiamento e neste senso hai que recordarlle ao Sr. alcalde que hai moitos xeitos de financiamento, coma pode ser un leasing para mercar un aparello necesario para a sanidade, etc e isto non é privatización, coma pode pasar no Hospital de Lugo cando se remate e o se teña que encher; que se puntualmente se presta algún tipo de servizo coma pode ser lavandería ou catering, tamén se fai aquí no concello cando se contratan servizos xurídicos externos ou empresas de limpeza, e a Xunta non vai privatizar nada, vai rematar o Hospital de Lugo e vai construír outro en Pontevedra.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que se alegra de que o PP estivera en contra da privatización, pero o que se ve é outra cousa, que en Madrid por exemplo os últimos hospitais que se fan son privados, en Valencia por exemplo a calidade é peor que a que hai aquí; que hai que fixarse en outros países como Inglaterra, que coa presidenta Thatcher foi a campiona das privatizacións, e levan moitos anos para intentar rectificar aquelas decisións, hoxe en día están a sacar sesenta mil novas prazas de médicos para emendar aquilo; que as privatizacións son un negocio para os concesionarios e as consecuencias as pagan os cidadáns, pagando máis cartos, tendo peor servizo e os traballadores das concesionarias teñen peores condicións; que vai apoiar a moción e aproveita para convocar a todos os veciños e veciñas de Fene para que acudan á manifestación convocada pola Plataforma.

De seguido intervén o Sr. alcalde-presidente que manifesta que o PSOE vai votar tamén a favor desta moción, xa que forma parte desta Plataforma e quere precisar ao portavoz do PP que os votantes do PP non son maioría xa que os votos do PSOE e do BNG xa son por si mesmos maioría, e si lle sumamos os demais partidos e agrupacións superan amplamente os votos do PP, que outra cousa é que a Lei electoral que o PP elaborou no Parlamento de Galicia para primar determinadas provincias que lles beneficiaba electoralmente lles dea máis deputados e máis escaños no Parlamento, que non quere dicir que haiba máis persoas que votaron ao PP; que os socialistas non teñen a teima de sacar o da privatización da sanidade cada vez que goberna o PP se non ao revés, cada vez que gobernan sacan o asunto e o partido socialista reacciona cada vez diante diso, coma non podía ser doutro modo; que aínda que o PP leva gobernando moitos anos en Galicia pero non se pode dicir que crearon o sistema de sanidade pública en Galicia, xa que en Galicia igual que no resto de España o sistema de sanidade pública o creou o goberno socialista de Felipe González, que universalizou este dereito básico neste país, outra cousa é que anos máis tarde houbera unhas transferencias e que coincidise cos seus gobernos, que é certo, pero non a crearon; que nesta nova etapa se volven a atopar co mesmo, a Conselleira de Sanidade Pilar Farjas levaba unha semana no cargo cando fixo unhas declaracións públicas dicindo que a ela non lle importaba estudar fórmulas privatizadoras para xestionar determinados servizos públicos da sanidade deste país e diante diso hai que reaccionar; que a día de hoxe non hai privatizado ningún hospital en Galicia, por suposto, pero hai que anteporse porque xa se coñece o seu xeito de gobernar, coma o fan noutras Comunidades Autónomas, e que isto non

o poden facer aquí xa que a cidadanía deste país está moi sensibilizada con dous dereitos públicos coma son a sanidade e o ensino, pero coñecen a estratexia do PP, que é a de ir pouco a pouco precarizando, minando os servizos públicos para que ao final non quede máis remedio que acudir aos privados que dean a calidade do servizo, e isto non é tolerable nun país coma o noso; que se alegra de que se faga un hospital en Lugo ou Pontevedra pero que a el lle interesa tamén a zona de Ferrolterra, para saber si se vai seguir dotando ao hospital naval de medios para ter máis camas e quirófanos, coma fixo o anterior goberno, ou se vai seguir primando os concertos co hospital de Caranza, lle gustaría saber si a actual Conselleira ten a intención, coma ía facer o anterior goberno, de ampliar o Centro de Saúde de Perlio e se vai poñer un servizo de radio X para a zona sur de Ferrolterra, que sospeita que non, aínda así teñen pedido unha cita coa Conselleira de Sanidade para aclarar este extremo; que hai antecedentes coma foi o hospital do Mexoeiro en Vigo, o primeiro en ser privatizado en Galicia e o resultado foi desastroso, así coma aquelas fundacións sanitarias que puxo en marcha Manuel Fraga que eran fórmulas privatizadoras da sanidade pública e que hoxe ninguén as reivindicaba, afortunadamente; que ante estes primeiros síntomas por parte do goberno do partido popular de Galicia de ir camiñando cara a fórmulas sanitarias privatizadoras coma hai noutras comunidades autónomas cree que o pobo de Fene, a cidadanía de Ferrolterra e a cidadanía galega en xeral teñen que reaccionar e por iso o partido socialista vota a favor desta moción, irá a esta manifestación convocada para este domingo en Ferrol e fai un chamamento a toda a cidadanía de Fene para que se manifeste e reivindique un dereito público, universal, gratuíto e de calidade que é a sanidade no noso país.

(Neste momento auséntase da sesión a Sra. concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente, sendo as dezanove horas).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta respecto da Lei electoral que cando non se modificou sería por algo; que respecto ao sistema a aplicar en Ferrolterra durante o goberno do bipartito foi igual, que o goberno do bipartito non cancelou o concerto co hospital de Caranza e lóxicamente en Ferrol vanse facer inversións coma se veñen facendo ata agora.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido recorda que o partido popular estendeu os centros de saúde por este país e ao mesmo tempo foi estendendo a interinidade dos médicos nestes centros, do mesmo xeito que o hospital de Vigo que foi creado coma privado e que tivo que ser posteriormente integrado coma público porque se estaban dando cuestións paralelas entre o público e o privado pero con financiamento da Administración pública; que non se sabe en que medida se van inverter cartos nesta área sanitaria; que en definitiva o partido popular ten a tendencia de que determinados servizos se presten de xeito privado e eles non creen que ese método sexa o máis eficiente e eles apostan por un servizo universal e público e que siga sendo mellor e non peor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez que, unha vez concedida manifesta que fai anos o sistema inglés era visto como moi bo, e pasado o tempo, eles están a copiar o noso, deixando a un lado a privatización; que estamos a falar dun sistema moi parecido ao de Madrid, privatizando hospitais e restando uns mil médicos, algo que non parece que favoreza aos usuarios e cando se ve que os centros de saúde se deixan á xestión privada estamos ante unha privatización clara.

Seguidamente intervén o Sr. alcalde que brevemente manifesta que respecto ao que fixo o anterior goberno nesta comarca di que houbo dous modelos, un o do partido popular que derivaba xente á privada e que gastou cartos en reconstruír o hospital Arquitecto Marcide gastando unha aberración de cartos en refacer o hospital e outro modelo do goberno de Pérez Touriño, o goberno do bipartito, que o que fixo foi paralizar esa obra faraónica e negociar co

gobierno de España a cesión do hospital naval ao Sergas e gastar os cartos en habilitar ese novo hospital con máis quirófanos, máis camas, especialidades e en definitiva máis servizos para os cidadáns de ferrolterra, coma pode ser o servizo de nefroloxía que aquí so o había na privada no Hospital Juan Cardona, polo que a liña de actuación foi moi diferente e a el gustaríalle que se seguira pola que se iniciou co bipartito.

(Neste momento incorpórase á sesión a Sra. concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente, sendo as dezanove horas e tres minutos).

Rematado o debate, a presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 25 de marzo de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Catro (4), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: Ningúnha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

- 1. Manifesta a súa máis rotunda oposición á política de privatización dos centros de saúde e hospitais a desenvolver polo Goberno da Xunta de Galicia.**
- 2. Demanda un maior compromiso da Consellaría de Sanidade para desenvolver a sanidade pública atendendo a súa consideración de servizo público e principio reitor da política social.**
- 3. Require ao Goberno da Xunta de Galicia un meirande compromiso orzamentario para superar o actual insuficiente financiamento da sanidade pública (1 punto do PIB inferior á media da UE)**
- 4. Insta ao goberno do Estado á derogación da Lei 15/97 sobre habilitación de novas formas de xestións do Sistema Nacional de Saúde.**
- 5. Acorda manifestar o seu pleno apoio e colaboración coa mobilización convocada para o día 11 de abril ás 12 do mediodía pola Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública na Área Sanitaria de Ferrol.**

De seguido intervén o Sr. alcalde-presidente que expón que hai unha petición de palabra dun representante da Plataforma da Sanidade Pública da Área Sanitaria de Ferrolterra que lle será dada ao final da sesión do Pleno, coma establece o regulamento de participación cidadá.

5º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2010

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente e di que este asunto está ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 5 de abril de 2010, que transcrito literalmente di:

“1º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2010.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 29 de marzo de 2010 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2010

Visto o informe da Intervención municipal de 29 de marzo relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2010 por un importe total de 2.313,56 € e que transcrito di:

“DE INTERVENCIÓN O CONCELLO PLENO INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 2/2010.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BÁSICA

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.

-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.

-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

Real Decreto 1496/2003 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2008, prorrogado ó 2010.

ANTECEDENTES

Con data de 29 de marzo, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 2.313,56 €

A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio

orxamentario. Aínda así, aplicaríanse ós créditos do orxamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orxamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Non obstante, tamén é necesario recoñecer que nalgún caso (cuestión que non ocorre no presente expediente), o causante directo do incumprimento do principio de anualidade orxamentaria é o propio proveedor que non presenta factura ata moitos meses despois da prestación do servizo (e xa no ano seguinte cando a contabilidade do exercicio no que se fixo o gasto xa está pechada). Esta circunstancia é a que concorre no caso das facturas do mes de decembro que son presentadas no mes de xaneiro.

Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos:A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que

“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de *“recoñecemento extraxudicial de crédito”* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orxamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orxamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistematicamente gastos sin a suficiente consignación orxamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo generalizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que: *“...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido”*

Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Adminsistración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servicio debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servicio executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 23ª de BE/08, prorrogado, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que *“2.-O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real DECreto 500/1990.”*

Nas partidas orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior, polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o Pleno** ó amparo do RD500/90 e de conformidade co previsto nas BEO/08, prorrogado.

Tendo en conta que no momento de tramitación do presente expediente o orzamento do exercicio 2008 está prorrogado e tal e como se indicara pola ALcaldía no orzamento do citado exercicio non se consignaron os créditos suficientes para poder facer fronte a eventuais recoñecementos extraxudiciais, en consecuencia, e dado que neste momento continúa a prórroga do orzamento do exercicio 2008, tampouco neste momento pódese considerar que existe crédito adecuado e suficiente nas partidas do mesmo. E polo que a competencia para a aprobación do expediente lle corresponde ó Pleno da Corporación.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto1496/2003,de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Non obstante o anterior, realízanse determinadas observacións no apartado específico do presente informe.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables o que implica que efectivamente o gasto foi realizado.

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial 2/10 é de conformidade con observacións, reiterando a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigaón do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servizo das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.

3. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediare al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Así mesmo, no artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

2. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembro cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado,

para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2009 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real. **En consecuencia, a imputación destes gastos de exercicios anteriores ó orzamento implicarán unha limitación importantísima de cara a poder recoñecer as obrigas do exercicio corrente.**

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

Fene, a 29 de marzo de 2010.

A Interventora

Asdo: Marta Roca Naveira “

Considerando que no citado informe poñíase de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente (exercicio 2009), polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “*recoñecemento extraxudicial de crédito*” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2008, prorrogado non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de facturas dos exercicios

anteriores e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:
1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/10 por un importe total de 2.313,56 €.
2º A conseguinte aprobación, e ordenación do pago, da relación de facturas con cargo ás partidas orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Proveedor	Concepto	Importe	Partida
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas C.Concello, mes de novembro 09	866,1	920.222.01
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas Xulgado mes de novembro 09	185,04	920.222.01
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas C.Concello mes de decembro 09	1096,97	920.222.01
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas Xulgado mes de decembro 09	165,45	920.222.01
Total		2313,56	

En Fene, a 29 de marzo de 2010.
O ALCALDE ACCTAL
Asdo.- José A. López Rodríguez.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Juan José Franco Casal quen, unha vez concedido, manifesta que se van abster e que reservan a explicación do sentido do seu voto para o Pleno.

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria dos asistentes, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica con oito (8) votos a favor (dos Sres/as Rodríguez Carballeira, Silvar Canosa, García Balado, Rey Sampayo, Polo Gundín, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez), ningún voto en contra e coa abstención dos/as Sres/as Sres/as Franco Casal e Bertoa Puente, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 29 de marzo de 2010, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/10 por un importe total de 2.313,56 €

2º A conseguinte aprobación, e ordenación do pago, da relación de facturas con cargo ás partidas orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Proveedor	Concepto	Importe	Partida
-----------	----------	---------	---------

Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas C.Concello, mes de novembro 09	866,1	920.222.01
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas Xulgado mes de novembro 09	185,04	920.222.01
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas C.Concello mes de decembro 09	1096,97	920.222.01
Correos e Telegrafos, S.A.	Franqueo cartas Xulgado mes de decembro 09	165,45	920.222.01
Total		2313,56	

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIIS MUNICIPAIIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIOCULTURAIIS DEPORTIVOS E DE LECER.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente que expón que este asunto está ditaminado por unanimidade pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 5 de abril de 2010, que transcrito literalmente di:

“2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIIS MUNICIPAIIS ASI COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIOCULTURAIIS, DEPORTIVOS E DE LECER.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 25 de marzo de 2010 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- MODIFICACION DAS ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS E CULTURAIIS MUNICIPAIIS ASÍ COMO POLA PRESTACION DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIIS, DEPORTIVOS E DE LECER.

En relación co expediente de modificación das ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servicios socioculturais, deportivos e de lecer, e vistos os informes emitidos pola Intervención municipal con data de 25 de marzo de 2010, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanza fiscal seguinte:

- Ordenanza fiscal número 2, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servicios socioculturais, deportivos e de lecer.

Segundo: A modificación entrará en en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: .- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóranse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza fiscal modificados.

Unese como anexo o texto refundido da ordenanza fiscal unha vez realizadas as modificacións.

Fene, a 25 de marzo do 2010.
O ALCALDE
Asdo.- Iván Puentes Rivera

ANEXO

TEXTO REFUNDIDO ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER.

Fundamento legal

Artigo 1º

Consonte co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.

Feito impoñíbel

Artigo 2º

1. Está constituído pola utilización de calquera das instalacións deportivas e culturais que constitúen obxecto desta Ordenanza así como pola realización, por persoas físicas ou xurídicas, de actividades socioculturais, deportivas e recreativas tanto en instalacións municipais coma concertadas.

2. Aos efectos da aplicación da taxa pola utilización de instalacións deportivas e culturais a obriga de contribuír nace dende o momento en que se autoriza o aproveitamento da instalación. No tocante á realización da actividades socioculturais, deportivas e recreativas, aos efectos desta taxa a obriga de contribuír nace dende o momento en que se formaliza a inscrición nunha actividade e até que remate a mesma, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión nos termos establecidos nesta ordenanza.

3. A baixa nunha actividade hase solicitar no Rexistro Xeral do Concello e non eximirá do pagamento do período impositivo correspondente (día, mes ou cuatrimestre) á data de formalización da baixa.

Suxeito pasivo

Artigo 3º

Están obrigados ao pagamento da taxa por utilización de instalacións deportivas e culturais:

1. As persoas naturais e xurídicas que soliciten a utilización das instalacións deportivas e/ou culturais.

2. As entidades, organismos, asociacións, federacións, e demais entes xurídicos en nome das que se solicite diante do Concello autorización para utilizar as citadas instalacións.

Están obrigados ao pagamento da taxa por realización de actividades socioculturais, deportivas e de lecer:

1. As persoas físicas que formalicen a súa inscrición nas mesmas nos termos e condicións sinalados no artigo 2.2

2. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a utilización dos locais municipais para calquera das actividades previstas nesta ordenanza.

Responsábeis

Artigo 4º

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e consonte co procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Cota tributaria

Artigo 5º .

1. USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E SERVIZOS DEPORTIVOS E RECREATIVOS.

1.1. Pavillóns polideportivos municipais cubertos.

1.1.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Tempo	O Ramo	A Xunqueira
Adestramentos	Base	1 h	10.80	14.40
	Resto	1 h	17.50	23.60
Adestramento terzo de pista	Base	1 h	-	9.75
	Resto	1 h	-	15.90
Competicións sen despacho de entradas	Base	1 h	11.80	15.90
	Resto	1,5 h	29.25	39.00
Competicións con despacho de entradas	Base	1 h	35.45	47.25
	Resto	1,5 h	87.30	117.60
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios sen despacho de entradas		1,5 h	58.05	78.40
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios con despacho de entradas		1,5 h	174.10	235.20
Festivais, maratóns, actividades análogas e Espectáculos de carácter profesional		1 día	2558,25	3453.80

A utilización conxunta da sauna co pavillón da Xunqueira supoñerá un incremento da tarifa correspondente en 10 veces o prezo da sesión individual de sauna.

As entidades que utilicen os pavillóns para os seus adestramentos e partidos de competición ao longo da tempada estarán obrigados a subscribir a correspondente póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 300.000 euros presentando copia da póliza e do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación. Quen non o fixeran para a tempada anterior teñen de prazo até o 30 de xaneiro do ano en curso para facelo.

1.2. Pistas polideportivas municipais descubertas

1.2.1 Tarifas:

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Pistas polideportivas municipais descubertas	Uso diúrno para adestramentos ou competición, por 1 hora	26.70
	Uso nocturno para adestramentos ou competicións, por 1 hora	53.40
	Maratóns, prácticas deportivas análogas e espectáculos profesionais con ánimo de lucro promovidas por particulares ou entidades sen carácter social, por día	639.80

As entidades que organicen maratóns ou espectáculos profesionais en calquera instalación municipal -pista non cuberta, piscina ou pavillón- estarán obrigadas a subscribir a correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 500.000 euros, presentando copia da correspondente póliza e copia do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación.

1.3.- Piscina cuberta e climatizada de Centieiras e Pavillón a Xunqueira.

As tarifas a satisfacer ao Concello pola utilización da piscina municipal cuberta e climatizada de Centieiras e pavillón de A Xunqueira axustaranse aos seguintes criterios:

1.3.1- Tarifas.

Concepto	Categorías	Total (€)
Entrada á instalación	Menores	2.15
	Adultos	3.20
	Maiores de 65 anos	2.55
Bono deporte 8 sesións	Menores	13.65
	Adultos	20.45
	Maiores de 65 anos	16.35
Bono deporte 24 sesións	Menores	35.85

	Adultos	53.70
	Maiores de 65 anos	45.35
Bono deporte 48 sesións	Menores	61.40
	Adultos	92.10
	Maiores de 65 anos	73.70
Bono deporte 96 sesións	Menores	92.10
	Adultos	138.15
	Maiores de 65 anos	110.50
Bono deporte 32 sesións	Familiar	59.65
Escola de natación (1 sesión cada semana, Durante 1 mes)	Menores	7.50
	Adultos	11.30
	Maiores de 65 anos	9.05
	Especiais * (B,E,T)	12.30
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	9.85
Escola de natación (2 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	15.00
	Adultos	22.50
	Maiores de 65 anos	18.00
	Especiais (B,E,T)	24.55
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	19.65
Escola de natación (3 sesións cada semana, durante 1 mes)	Menores	22.50
	Adultos	33.80
	Maiores de 65 anos	27.05
	Especiais (B,E,T)	36.85
	Especiais Maiores de 65 anos (T)	29.50
Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión: 45´)	Adultos/senior	16.00
	Cat. Base	9,60

* As escolas especiais (B, E, T) refírense ás escolas de bebés, embarazadas e terapéutica.

O **bono deporte** permite ao seu posuidor a entrada ás instalacións deportivas municipais cubertas (piscina de Centieiras e Pavillón A Xunqueira) de acordo co seguinte réxime:

- ximnasio e sauna do pavillón polideportivo da Xunqueira e,

- piscina municipal para realización de baño libre, utilización do ximnasio e sauna

Cun só bono pódese acceder libremente a instalación municipal que se desexe para facer actividade física.

Os bonos regularanse polo número de usos independentemente do tempo que tarden en rematarse. As persoas que durante unha tempada non o dean esgotado poderán continuar usándoo na tempada seguinte (previo pagamento) actualizando o custo dos usos non disfrutados no caso que houberse cambio de tarifas na ordenanza fiscal.

O bono deporte poderá ser adquirido por maiores de 18 anos, baixo unha declaración xurada que están en perfectas condicións físicas para a utilización de aparatos ximnásticos.

1.4.- . Escolas deportivas no Pavillón da Xunqueira

1.4.1.- Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	5.35
	Adultos	12.80
	Maiores de 65 anos	10.25
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	7.20
	Adultos	17.05
	Maiores de 65 anos	13.65
Escola deportiva + sauna adultos, no Pavillón da Xunqueira (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10.70
	Adultos	25.60
	Maiores de 65 anos	20.50
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (4 h cada Semana, durante 1 mes)	Menores	14.40
	Adultos	34.10
	Maiores de 65 anos	27.30
Escola deportiva + sauna adultos no Pavillón da Xunqueira (6 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	21.40
	Adultos	51.20
	Maiores de 65 anos	41.00

1.5.- Escolas deportivas fóra do Pavillón da Xunqueira

1.5.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas: 1,5 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	11.80
	Adultos	28.40
	Maiores de 65 anos	22.70
Resto de escolas deportivas: 2 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	15.70
	Adultos	37.85
	Maiores de 65 anos	30.30
Resto de escolas deportivas: 3 h cada semana, (3 cotas ao ano)	Menores	23.60
	Adultos	56.80
	Maiores de 65 anos	45.45

1.6.- Obradoiros, cursos e actividades puntuais

Deportivos	Prezo €actividade
Tenis verán	22,80 €
Tenis Nadal	12,30 €
Piragüismo	22,80 €
Outros cursos até 6 h	6,15 €
Outros cursos até 20 h	15,40 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,15 €
Campamento de verán (7 días)	231,10 €
Campamento de verán (8 días)	256,75 €
Sendeirismo 1 día pola comarca	10,25 €
Sendeirismo 1 día fóra da comarca	20,55 €
Sendeirismo 2 días fóra da comarca	41.10 €

2. SERVIZOS SOCIOCULTURAIS.

2.1. Casa da Cultura

2.1.1. Tarifas.

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
Casa da Cultura	Salón de actos nunha xornada normal, por hora	22.40
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por hora	42.95

	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por día	223.90
--	--	--------

2.2. Escolas culturais

2.2.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Escolas culturais: 1 h cada semana (3 cotas ano ano)	Menores	7,85
	Adultos	18,95
	Maiores de 65 ss 65 anos	15.15
Escolas culturais: 2 h cada semana (3 cotas ano ano)	Menores	15,70
	Adultos	37,85
	Maiores de 65 ss 65 anos	30,30
Escolas culturais: 3 h cada semana (3 cotas ano ano)	Menores	23.60
	Adultos	56.80
	Maiores de 65 ss 65 anos	45,45

2.3. Cursos da Aula de Informática

2.3.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Cursos da Aula de Informática municipal	Até 10 h	10.70
	De 10 a 20 h	21.35
	Máis de 20 h	64.00

2.4. Obradoiros, cursos puntuais e entradas a espectáculos culturais

2.4.1 .- Tarifas.

Culturais	Prezo €actividade
Verán máis alá (sen transporte. 1º membro ude familiar)	66.75 €
Verán máis alá (sen transporte. a partir do 2º membro ude familiar)	35,95 €
Verán máis alá (con transporte. 1º membro ude familiar)	87.30 €
Verán máis alá (con transporte. a partir do 2º membro ude familiar)	46.20 €
Outros cursos até 6 h	6,15 €
Outros cursos até 20 h	15,40 €

Outros cursos por cada 10 h máis	6,15 €
Xornadas (inscrición normal)	6,15 €
Xornadas (inscrición parados e estudantes)	3,10 €
Espectáculos con tarifa	3,10 €
Excursións 1 día comarca de Ferrolterra	10,25 €
Excursións de 1 día fóra da comarca	20,55 €

Entradas a espectáculos concertados co IGAEM ou a Consellaría de Cultura, 1 € para pensionistas, carné xove e carne de estudante; 3 € para público en xeral.

Para outros obradoiros e cursos as tarifas hanse determinar mediante acordo do órgano correspondente garantindo que as mesmas cubran o 50% dos custos da actividade.

3. Inscricións.

No momento de efectuar a inscrición deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa. Agás nas Escolas e obradoiros en que poderá optarse entre a renovación do pagamento mes a mes nas instalacións do Pavillón A Xunqueira ou mediante a domiciliación bancaria.

As persoas de fóra do Concello que queiran participar nalgunha escola municipal (incluídas as da piscina) só o poderán facer no período de matriculación que se fixe.

A renovación en ocasións sucesivas de tarxetas magnéticas para o acceso e control informatizado a instalacións e actividades será de 1.30 € a partir da segunda tarxeta.

O **abono familiar** é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas municipais así como na adquisición do bono deporte.

Terá a consideración de abonado familiar o pai, nai, titor ou titora que poderá incluír no seu abono ao cónxuxe e fillos menores de 18 anos, ou maiores en situación de paro sempre nun número mínimo de dous membros (pai, nai, titor/a e fillo/a) e/ou actividades municipais.

As cotas para os abonados familiares hanse determinar aplicando unha redución do 20% da cota a partir da segunda actividade en que se matricule ou a partir do segundo membro da unidade familiar que o faga. A redución do 20% non se aplicará á actividade que teña a tarifa máis elevada de entre as que se matriculen os membros da unidade familiar.

No suposto de baixa na actividade con carácter previo á prestación da mesma, procederá a devolución das cotas abonadas, previa solicitude do suxeito pasivo e informe do departamento de deportes, aportando ó efecto a documentación xustificativa (xustificante de pagamento e designación de conta bancaria).

No caso de que por motivos excepcionais sexa necesario interromper o normal funcionamento das escolas ou cursos, a Xunta de Goberno Local ou o alcalde estarán facultados para acordar o prorrateo da cota a aplicar no período impositivo afectado.

4. Gradación de Tarifas

As tarifas establecidas neste artigo poderan graduarse en función da capacidade económica do suxeito pasivo, en atención as seguintes condicións:

4.1.- Obxecto da bonificación.

As bonificacións reguladas na presente normativa teñen como finalidade asegurar o acceso real ás prácticas deportivas e culturais das persoas máis desfavorecidas economicamente, entendendo ditas prácticas como elementos que contribúen a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e o seu desenvolvemento integral.

4.2.- Son considerados destinatarios/as todas aquelas persoas empadronadas e con residencia efectiva no concello de Fene cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte ó custo establecido pola taxa.

4.3.- Poderán ser beneficiarios/as destas bonificacións quen reúna todos e cada un dos seguintes requisitos.

a) Estar empadronado/a no concello de Fene e ter residencia efectiva.

b) Abonar previamente o importe correspondente como compromiso fehaciente de uso.

c) Dispoñer dos recursos económicos máximos contidos no baremo do apartado 5º aceditados mediante a presentación da última declaración da renda, ou calesqueira outro documento que sinala a situación económica do solicitante.

d) Non ter débedas co concello.

Os efectos da presente axuda considerase que non se dispón de recursos suficientes cando a persoa, ou no seu caso, a unidade familiar dispoña dos recursos anuais iguais ou inferiores ós contidos no baremo do apartado 5º, segundo o número de membros da unidade familiar

4.4.- Determinación dos recursos.

Para a determinación dos recursos terase en conta as seguintes condicións:

4.4.1.- **Ingresos familiares:** Que o conxunto dos ingresos da unidade de convivencia non superen o 170 % do S.M.I. vixente en cada momento para familias compostas por 4 ou máis membros..

Entenderase membros da unidade de convivencia todas as persoas que convivan no mesmo domicilio, haxa ou non relación de parentesco. Para o cómputo dos ingresos teranse en conta os ingresos netos, isto é, unha vez descontados dos ingresos brutos o IRPF e as cotas da seguridade social aboadas, así como os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda, se é o caso.

4.4.2.- **Rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:** Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera membro da unidade familiar sexan propietarias/os e/ou usufructarias/os de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender ao gasto obxecto da presente exención municipal, agás a propiedade referente á vivenda destinada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidade do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano. Non referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse medios

económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza, os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.

4.5.- Documentación a achegar.

- a) Solicitude debidamente cumprimentada segundo modelo oficial.
- b) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos e fotocopia das páxinas do libro de familia, no seu caso.
- c) Certificado de empadronamento.
- d) Xustificante dos ingresos anuais da unidade familiar: fotocopia compulada da declaración da renda do último exercicio, ou certificado de rentas no caso de non ter que presentar declaración da renda, ou calqueira outro documento que sinala a situación económica do solicitante dos 6 meses anteriores á data de solicitude (certificado de vida laboral da Seguridade Social, contratos de traballo, recibos actualizados das pensións, nóminas, ou calesqueira outro documento que acredite a situación económica de tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos).
- e) Xustificantes da vivenda: contrato de aluguer con aportación dos últimos 6 recibos, documentos de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda, etc.
- f) Certificación bancaria de xuros e retencións con indicación do saldo bancario a 31/12 do ano anterior á solicitude.
- g) Familias numerosas: fotocopia do título de familia numerosa actualizado.
- h) Certificación de conta bancaria.
- i) Xustificante orixinal do pagamento da taxa.

4.6.- Prazo

O prazo para a presentación das solicitudes permanecerá aberto durante todo o exercicio.

4.7.-Procedemento para a resolución.

Presentada a solicitude, por parte do concello comprobarase a documentación obrante en cada solicitude e nun prazo máximo de dous meses resolverase a petición dándose traslado ós solicitantes.

No suposto de que se comprobara que non son certos os datos consignados na declaración ou se houberan ocultado outros que pudieran calificarse como esenciais, procederase a desestimar a solicitude,

Analizada a documentación presentada e unha vez emitidos os informes técnicos correspondentes, a Alcaldía dictará resolución ó respecto, na que se concretará os beneficios concedidos para o exercicio.

5.- As graduacións a que pode dar lugar a gradación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo son as seguintes:

Numero membros Unidade familia	Porcentaxe da exención	Porcentaxe do S.M.I. na unidade de convivencia
1 persoa soa en unidade de convivencia.	100 % para a 1ª actividade. 50 % para a 2ª actividade.	89 % do S.M.I.
2 persoas en unidade de convivencia.	100 % para a 1ª actividade 75 % para a 2ª actividade. 50 % para a 3ª actividade	105 % S.M.I.
2 persoas en unidade de convivencia, cando 1 dela sexa menor de idade ou discapitado/a.	100 % para a 1ª actividade 75 % para a 2ª actividade 75 % para a 3ª actividade.	115 % do S.M.I.
3 persoas en unidade de convivencia	75 % para a 1ª actividade 50 % para a 2ª e 3ª actividade 100 % na 1ª actividade. 75 % para a 2ª 50 % para a 3ª	150 % do S.M.I.
3 persoas en unidade de convivencia cando 1 ou 2 sexan menores de idade ou discapitado/as	75 % para a 1ª actividade 50 % para a 2ª e 3ª actividade 100 % para a 1ª-2ª actividade e 75 % para a 3ª act.	160 % do S.M.I.
4 ou máis persoas en unidade de convivencia.	75 % para a 1ª actividade. 50 % para a 2ª e 3ª.	165 % do S.M.I.
4 ou máis persoas en unidade de convivencia cando varios sexan menores de idade e/ou discapitados/as.	100 % para a 1ª actividade. 75 % para a 2ª actividade. 50 % para a 3ª e 4ª actividade.	170 % do S.M.I. vixente.

Concertos fiscais

Artigo 6º

Os Clubs e entidades deportivas federadas con domicilio en Fene que utilicen os Pavillóns Polideportivos do Ramo e San Valentín así como a piscina municipal de Centieiras ou o campo de Fútbol municipal dos Pinares, pagarán as seguintes tarifas: sempre e cando se trate de usos para a práctica deportiva para os que están federados

6.1.1. Tarifas.

Concepto	Categoría	Tempo	O Ramo	A Xunqueira	Campo F 7 Os Pinares		Campo F 11 Os Pinares	
					Sin luz	Ilumin. artificial	Sin luz	Ilumin. artificial

Concepto	Categoría	Tempo	O Ramo	A Xunqueira	Campo F 7 Os Pinares		Campo F 11 Os Pinares	
					Sin luz artificial	lumin. artificial	Sin luz artificial	lumin. artificial
Adestramentos	Base	1 h	7,56	10,10	10,50	12,60	17,50	19,60
	Resto	1 h	12,25	16,50	17,50	21,00	31,50	35,00
Adestramento terzo de pista	Base	1 h	-----	6,80	-----	-----	-----	----
	Resto	1 h	-----	11,15	----	-----	-----	----
Competicións sen despacho de entradas	Base	1 h	8,25	11,15	11,20	13,30	18,20	20,30
	Resto	1,5 h	20,45	27,30	28,00	31,50	42,00	45,50
Competicións con despacho de entradas	Base	1 h	24,80	33,10	16,80	19,95	27,30	30,45
	Resto	1,5 h	61,10	82,30	42,00	47,25	63,00	68,25
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios sen despacho de entradas		1,5 h	40,60	54,90	----	----	----	----
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios con despacho de entradas		1,5 h	121,85	164,65	----	----	----	----
Festivais, maratóns, actividades análogas e Espectáculos de carácter profesional		1 día	1.790,7	2.417,65	----	----	----	----

6.1.2 Tarifas Piscina municipal de Centieiras:

Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión: 45 ´)	Adultos/senior	11,20
	Cat. Base	6,70

As sociedades inscritas ou que teñan solicitada a súa inscrición no rexistro municipal de entidades e os colectivos que acrediten esta condición poderán alugar, para nado libre, rúas da piscina municipal. O alugueiro base condicionar a un máximo de dúas rúas, que non estean ocupadas por actividades programadas e queden rúas para o nado libre de persoas individuais.

As entidades que utilicen a piscina ao longo da tempada estarán obrigadas a subscribir a correspondente póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 300.000 euros presentando copia da póliza e do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación. Quen non o fixeran para a tempada anterior teñen de prazo até o 30 de xaneiro do ano en curso para facelo.

Artigo 7º

O club de Fene que ao comezo de cada tempada milite na categoría de maior rango federativo na súa respectiva modalidade e utilice os pavillóns polideportivos do O Ramo ou A Xunqueira para adestramentos e partidos de competición poderá solicitar acollerse a un concerto económico co Concello para xestionar a publicidade estática das instalacións nas seguintes condicións:

- O Club aboará ao Concello, ao remate da tempada, as cantidades que se detallan por cada anuncio que insira na instalación:
-

Publicidade perimetral na pista Medidas en cms, largura e altura	
195 x 200	2 €/anuncio/mes

200 x 85	2 €/anuncio/mes
200 x 100	4 €/anuncio/mes

- O club procederá a retirar a publicidade unha vez rematada a tempada de competición.

Bonificacións

Artigo 8º

Segundo o establecido na lexislación vixente, e previos os informes que se estimen oportunos, o órgano competente do Concello poderá outorgar bonificacións sobre o importe dos dereitos da presente tarifa relativos á utilización de instalacións deportivas e culturais, e mesmo a total condonación deles, sempre que se trate da utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos ou culturais de carácter especial, entendendo por tales aqueles que gozan dunha especial relevancia para a comunidade local ou que contén con colaboración municipal.

Artigo 9º

As persoas ou entidades interesadas na obtención das bonificacións citadas no artigo anterior, presentarán a correspondente solicitude no Rexistro Xeral do Concello, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión. As citadas solicitudes presentaranse cun mínimo de dez días de antelación á celebración da actividade en cuestión.

Exencións

Artigo 10º

Estarán exentos do pagamento das tarifas por utilización dos Pavillóns do Ramo e de San Valentín o Concello de Fene, os colexios públicos do concello, os partidos políticos e centrais sindicais con implantación municipal así como os órganos de representación do cadro de persoal do Concello.

Artigo 11º

Estarán exentos do pagamento das tarifas por utilización dos ximnasios, instalacións deportivas descubertas e instalacións culturais o Concello de Fene, os colexios públicos do concello, os partidos políticos e centrais sindicais con implantación municipal, os órganos de representación do cadro de persoal do Concello e as entidades inscritas ou que solicitaran a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.

Artigo 12º

As persoas veciñas de Fene ou que traballen no concello e acrediten esta condición nos termos que se establezan na convocatoria, terán unha redución do 34% nas tarifas do campamento de verán de 7 días de duración e do 35,6% nas do campamento de 8 días de duración.

Administración e cobranza

Artigo 13º

1. Poderase acordar o depósito previo do importe dos dereitos pola utilización das instalacións deportivas e culturais ás que se fai referencia na presente Ordenanza.
2. O período de cobro será do 13 o 26 de cada mes. Cando se trate da utilización das instalacións deportivas e culturais, as tarifas considéranse reportadas e cobradas simultaneamente coa petición das instalacións, agás no caso das entidades concertadas.

3. As licencias para utilización das instalacións deportivas, cando se trate de espectáculos non deportivos ou deportivos de carácter extraordinario, solicitaranse por medio de instancia dirixida ao Alcalde.

Tramitación

Artigo 14º

1. As solicitudes de utilización das instalacións dos Pavillóns Polideportivos do Ramo e de San Valentín así como as utilizacións especiais da Piscina de Centieiras (cursos, competicións...) presentaranse nas oficinas do Pavillón da Xunqueira.

2. As solicitudes de alugueiro de rúas nos termos e condicións establecidos na Ordenanza hanse entregar na Piscina Municipal.

3. As solicitudes de utilización das instalacións da Casa da Cultura presentaranse na Secretaría da concellería de Cultura e Ensino, en modelo oficial e cun mínimo de 72 horas de antelación

4. Unha vez concedida a autorización para a utilización das instalacións, practicarase a liquidación dos dereitos e taxas oportunas procedéndose á súa censura pola intervención municipal.

5. Os correspondentes órganos da corporación adoptarán as resolucións que procedan en canto ao outorgamento e denegación e, así mesmo, aprobarán as liquidacións dos dereitos correspondentes.

Partidas falladas

Artigo 15º

Considéranse partidas falladas ou créditos incobrábeis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruírase o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Obriga de pagamento

Artigo 16º

As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións e sancións

Artigo 17º

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Dereito supletorio

Artigo 18º

Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.

Disposición final

A presente Ordenanza, que consta de 18 artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2010, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación”

Non producíndose intervencións, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 25 de marzo de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanza fiscal seguinte:

- **Ordenanza fiscal número 2, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servicios socioculturais, deportivos e de lecer.**

Segundo: A modificación entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: .- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóranse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza fiscal modificados.

7º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2010.

A continuación intervéñ o Sr. alcalde-presidente que expón que este asunto está ditaminado por unanimidade pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 5 de abril de 2010, que transcrito literalmente di:

“3º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2010.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 22 de marzo de 2010 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Propónse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 1/2010, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Dictaminar **favorablemente** o expediente nº 01/2010 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 8.109,41 €, conforme ó seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE (€)
2010/920/352.00	Administración xeral. Xuros de demora	8.109,41
	SUMAS TOTAIS	8.109,41

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, a 22 de marzo de 2010.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose intervencións, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 22 de marzo de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2010 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 8.109,41 €, conforme ó seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE (€)
2010/920/352.00	Administración xeral. Xuros de demora	8.109,41
	SUMAS TOTAIS	8.109,41

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

8º.- COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedida, manifesta que en primeiro lugar quere deixar constancia dunha cuestión previa, de que o grupo de goberno entende que para este tipo de debate para este tipo de asuntos debía ser a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, na que por certo sempre se trataron todos os temas e nunca se lle negou información a ninguén; expón que a final de outubro tiveron unha reunión na Deputación dous membros do grupo municipal do BNG, o alcalde máis el co presidente, vicepresidente, interventor, secretario, asesoría xurídica e plans provinciais de cómo podía ser o xeito de desbloquear os plans provinciais en Fene, que levaban parados moito tempo, fundamentalmente por uns informes xurídicos nos que se facían unhas interpretacións cos que a Deputación entendía que non se podían executar as obras e dende a Presidencia da Deputación se lles informa que os informes de secretaría non deberían ser suspensivos e o estaban sendo, e lles suxeriron pedir un informe aos redactores do plan de urbanismo para eses temas de discrepancia na cualificación do solo e así os poder subsanar, a raíz desto lle pediron un informe a Jabier Vizcaino Martí, que é o redactor do plan de urbanismo de Fene, sobre as cualificacións do terreo para esclarecer as dúbidas expostas no informe da secretaria municipal sobre a cualificación do terreo urbano consolidado e non consolidado, este informe, solicitado por Deputación, lle foi entregado a finais de ano; que logo se lles mandou unha relación das obras de cada un dos POS que pasa a relatar, no POS 2007, a primeira obra sería abastecemento na estrada da Palma na marxe dereita, e Deputación esixía unha certificación da cualificación do terreo en base ao informe da secretaria municipal, que di que si o abastecemento se realiza en solo urbano non consolidado correspondería aos propietarios das parcelas que dotan os servizos custear o abastecemento, que isto en principio quedaría neutralizado co informe dos redactores do plan e tan so quedaría por achegarlles a autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e un informe sanitario vinculante, xa que o proxecto supera cincocentos metros e tanto a autorización da COTOPT coma o informe sanitario están na Deputación, co cal esta obra en principio, segundo a reunión mantida, estaría arranxada; que respecto da obra abastecemento en Almieiras, Rio Castro en Limodre hai un problema, que a certificación da cualificación do terreo segundo se indica no informe da secretaria do Concello, que di que se o abastecemento se realiza en solo urbano non consolidado correspondería aos propietarios das parcelas, pois o mesmo, co informe de Javier Vizcaino estaría neutralizado e logo habería que pedir un informe a Demarcación de Costas segundo o que dicía o técnico municipal, un informe a Adif e un informe vinculante a Sanidade xa que a obra supera os cincocentos metros, que estes informes xa están pedidos e se remitiron a Deputación; a terceira obra sería o saneamento do Camiño de Lubián, a terceira fase que presenta o mesmo problema, un problema urbanístico xa que no caso de realizarse as obras de saneamento en solo rústico se necesitaría unha consulta a Dirección Xeral de Urbanismo, isto quedaría tamén neutralizado co informe dos redactores do plan e logo unha certificación de obra completa que realizou o enxeñeiro municipal; que no orzamento parcial número catro, o saneamento de Ponte Cancela, está a cualificación do terreo, no que se está no mesmo, si é solo urbano consolidado ou non, co cal o informe dos redactores do plan esclarecerían o suposto; que no parcial número cinco, o saneamento do camiño do Cocallo, o mesmo, a mesma certificación pola cualificación do solo, que no plan figura como urbano consolidado e a secretaria do Concello entende que é non consolidado e por tanto se pide informe aos redactores do plan; que o presuposto parcial número seis, o saneamento da Fontenova na segunda fase, solo rústico apto para urbanizar, polo tanto tamén se pediu informe urbanístico que xa está feito e entregado; que o presuposto parcial número sete, o saneamento no camiño da Pegadiña, denominado segunda fase xa que noutro POS 2006 estaba a primeira fase e que xa estaba executada; que no presuposto parcial número oito, que é a pavimentación do camiño da Torre, hai que denominalo tamén primeira fase; que o presuposto parcial número nove que é reurbanización da avenida Cooperación fase un, no que se trata de adecuar o nome ao proxecto, que todos saben que nos bloques de San Valentín entre o bloque número oito e dez a rúa non ten nome, polo que Deputación o que pide e darlle nome a rúa, todo isto está recollido polo Concello, as autorizacións xa chegaron todas e están na

Deputación e con isto o POS estaría no tellado da Deputación para que o liciten cando o estimen oportuno.

Continúa o Sr. López Rodríguez e expón que respecto ao PCP 2007 tamén vai relatar os orzamentos parciais un a un, o primeiro a reurbanización da avenida da Cooperación, fase dúas, o problema é o mesmo que o anterior, non teñen asignado un nome, se chaman entre bloques polo que hai que darlle un nome; o presuposto parcial número dous, pavimentación do camiño da Lomba Romariz, denomíname primeira fase, xa que se vai facer co ancho que ten e non se adecúa a abrir o ancho que marca o plan de urbanismo; o abastecemento do camiño do Boado, certificación da cualificación do terreo que segundo informe da secretaria do Concello se o abastecemento se realiza en solo urbano non consolidado correspondería aos veciños das parcelas custear o abastecemento, así coma que se fai nun tramo de solo rústico para urbanizar está refutado polo informe dos redactores do plan que xa está na Deputación, tamén faltaría o permiso da COTOPT; que na dotación de servizos no acceso a parque Riobo, certificación da cualificación do terreo, se volve ao mesmo, solo urbano non consolidado, tema que tocan os redactores do plan e estaría resolto; e no orzamento número cinco, adecuación do camiño do Ortel, sería chamarlle primeira fase, xa que non se vai co ancho que vai o Plan; que todos estes informes, tanto dos redactores do plan coma os informes sectoriais das distintas administracións están xa no concello e están enviados, unha parte á Deputación, e que tan só falta a redacción do segundo informe, o do POS está na Deputación e o do PCP o ten o enxeñeiro municipal que o está revisando para remitir á Deputación. Con toda esta información solicitada por Deputación na última xuntanza en principio danse por desbloqueados os plans a que se fan referencia. Posteriormente, continúa, recibíuse no mes de marzo un escrito da Deputación no que se solicita un informe xurídico no que se aclare o porqué o Pleno da Corporación de Fene aproba estas obras por unanimidade co informe negativo da secretaria, este é un informe externo que lles piden, que se lle pide a un letrado que é Germán Acción que vai elaborar o informe no transcurso deste mes, e dáse ademais o caso de que a secretaria deste concello concursa e gaña unha praza noutro Concello, que teñen neste senso unha conversa con Plans da Deputación e lles din que isto cambia o taboleiro de xogo, polo que lles dan dúas opcións, ou ben remitir o expediente íntegro sen os informes da secretaria actual, Pilar Pastor ou ben que o novo secretario ou secretaria, naqueles momentos non sabían quen ía vir, fíxese un novo informe e se lles remita á Deputación, que neste tramo é no que se está; que a documentación que se lles pediu na reunión na que estivemos cos concelleiros do BNG, alcalde máis el, agás o informe de Javier Vizcaíno do PCP que estará probablemente para a semana, está todo en Deputación a esperas de que nos digan algo, polo que se pon a disposición dos grupos para posibles preguntas ou dúbidas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que en primeiro lugar quere puntualizar unha cuestión fundamental que é o dereito que teñen os concelleiros e concelleiras nunha Corporación e os concelleiros cando están na oposición, e pasa a citar o artigo 104 do ROF, Regulamento de organización en funcionamento das entidades en relación co control e fiscalización polo Pleno dos demais órganos de goberno, que este control e fiscalización se pode facer por varios medios, e o primeiro é o requirimento de información de membros da Corporación que ostenten delegación, que foi o que pediu o BNG no anterior pleno segundo unha moción, que foi aprobada por unanimidade, polo que lles estrana moito a intervención do delegado de obras cando di que este non é o foro este asunto; cita tamén o artigo 105 que establece que si se aproba a comparecencia quen comeza é o petionario da comparecencia, é dicir o BNG, que agradece a intervención, que a escoitou respectuosamente, pero que ten que empezar a explicar e a preguntar é quen solicitou a comparecencia, neste caso o BNG, que efectivamente un dos puntos principais que lle querían preguntar era a falta de acción fundamentalmente nos plans provinciais e especificamente nos plans provinciais do ano dous mil sete, que coma todos saben, rematan o prazo o trinta de xuño de este ano para adxudicar estas obras por valor de seiscentos setenta mil euros, pero ademais o que se solicitaban que se incluíse na orde do día era a comparecencia respecto das actuacións e xestións das súas actuacións con

carácter xeral, en especial con esta programación das obras do dous mil sete, e que despois preguntaron polas actuacións da concellería con carácter xeral porque non son só as obras o que lle preocupa ao BNG e aos veciños de Fene, xa que ao seu entender, non se está atendendo coa necesaria dilixencia aos veciños de Fene, e non se respecta e non se atende coa dilixencia necesaria aos concelleiros e grupos municipais na comisión informativa que preside, polo que por iso se chega a este extremo; que eles entenden que é unha delegación caótica e irresponsable, caótica porque gastou cartos que non tiña no ano dous mil nove, non organizou a brigada de obras, escapou e escapa da atención dos veciños e é irresponsable porque xestiona cara outro lado, non se preocupa da obras que se fan no Concello, nin das obras que fan outras Administracións no Concello e aí temos o asfaltado da N-VI, as obras da EDAR, etc.; que dende o BNG queremos darlle hoxe unha oportunidade para que nos explique o que nos acaba de contar, cómo vai facer para que eses seiscentos setenta mil euros se poidan gastar e poidan ser contratados antes do trinta de xuño; que si eles non chegan pedir a súa comparecencia o mes pasado, vostede viría aquí sen os deberes sen facer, sen ter os informes dos redactores do plan, porque ademais, el quere que lle diga a el e a todo o Pleno de que data son os informes, cando se solicitaron, se foi despois do Pleno pasado, cando lle pediron que comparecera, xa que é moi preocupante que dende outubro, que sabía perfectamente cal era a solución para este problema, solución que ademais aportaron entre todos, nunha colaboración que cree que foi exquisita, onde o BNG dixo aquí en setembro que non se modificasen os proxectos, que os proxectos aprobados no ano dous mil sete podían ir adiante, e sabemos o que nos dixeron tanto os técnicos coma o presidente e vicepresidente da Deputación, e se buscou unha solución, un informe xurídico alternativo, que a eles lles valeu e ao goberno tamén, pero o mes pasado estaban sen facer, parte deles estaban sen facer, que no mes de febreiro Deputación manda unha notificación que di que o que se falou no mes de outubro non tiñan nada de nada, polo que queren saber de que data son os informes, se están todos os informes, que informes faltan, cando teñen pensado entregalos e ademais cando teñen previsto que estean adxudicadas as obras, porque eles, sobre todo, o que queren é que esas obras se adxudiquen, e o mesmo pasa co POS 2007 coma co PCP 2007; que tamén hai unha cuestión que non lle coincide, que a totalidade das obras que ten recollidas das aprobacións do POS e PCP 2007 non coincide co aquí aprobado por este Pleno, que si o erro é seu non é preocupante, polo que pide que lle responda inicialmente ao preguntado e que logo quere facer preguntas concretas sobre outros dous tipos de xestións, unha sobre a súa xestión nas obras municipais e outra sobre as xestións das obras que están a facer outras Administracións no Concello.

Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención e cita as beirarrúas de Barallobre que está a facer a Deputación, que desta obra quere saber a xestión que fixeron nos derradeiros meses, que respecto destas beirarrúas di o que se fixo, que foi a remolque, a remolque da Liga de Amigos de Barallobre porque que en xullo de dous mil nove, na Comisión de Goberno, entrou un escrito da Deputación que dicía que entregaba o proxecto da obra, que se aprobase e que se remitira de novo a Deputación coas cesións dos terreos, e non se fixo, en setembro a Deputación reitera o escrito e non se fixo nada, en novembro a Liga de Amigos de Barallobre presenta un escrito no que pide explicacións do que pasa con esta obra e en decembro se leva a comisión a aprobación do proxecto, un mes despois, logo do escrito da Liga, un simple trámite burocrático, no que ningún grupo político ía estar en contra e se aproba definitivamente no Pleno de xaneiro, é dicir, se perdeu o tempo dende xullo ata xaneiro pola súa ineficacia, que isto é o que lles leva a preguntarlle se fixo o mesmo co cruce do Rego da Moa, xa que non hai testemuña documental, se fixo algo semellante respecto a auga de Magalofes, San Marcos e Sillobre, que fixo respecto as obras do asfaltado da N-VI, que fixo respecto das obras da reposición das obras da EDAR, ademais de saír na prensa para poñerse do lado dos veciños ao igual que fixo o BNG, pero pregunta si se fixo algún tipo de actuación, mandou ou pediu algo; ademais queríamos preguntarlle onde vai o arranxo que estaba financiado por Medio Rural do camiño de Santa Ana e do estanque do río Sandeu no contorno do aparcamento da praia de Limodre.

Prosegue o Sr. Polo Gundín preguntando agora polas súas xestións dentro do Concello, das cuestións municipais puras e duras, que no pasado Pleno e nos anteriores, houbo que darlle repastos de camiños xa que o noso concello estaba cheo de buratos, entón empezaron a facer un plan de rebacheos a raíz do último Pleno, igual xa o tiñan contemplado, cousa que descoñece, pero cun orzamento prorrogado en estado lastimoso non sabe si o tiñan moi previsto, pero a realidade é que se están empezando a facer cousas, que lles alegra, pero que queren saber canto teñen previsto investir no plan de rebacheos, cousa que lle tiveron que preguntar por escrito porque na Comisión non deu explicacións de que camiños se ían amañar, quen os ía facer, canto ían custar e que prazo de execución ía ter, o que é impresentable, non se pode estar gobernando dende a súa casa a golpe de teléfono; que unha Administración pública ten que ter un control e un rigor, hai que orzamentar, hai que planificar e hai que facer, polo que pregunta porque non se fan estas obras con persoal e maquinaria municipal, que supervisión van ter esas obras e en quen vai recaer, en vostede, o enxeñeiro, o encargado, quen vai mirar se ese plan se vai executar e conforme a que, por que se descoñece se hai unha relación de camiños, de buratos, non o saben e se lle pediu o vinte e seis de marzo por escrito porque na Comisión non contestou, que ese é o modelo de xestión que eles non comparten e polo que lle piden explicacións, queren saber, porque se lle preguntou nun pleno e non contestou, cómo aglomerou o camiño de Mundín e o acceso aos garaxes na rúa de detrás da igrexa de Perlio, do que non se coñece proxecto nin memoria, non hai nada, nin factura, que tampouco a viron, entón queren saber cómo se fixo iso, como se financiou e que criterios se seguiron, ou as empresas traballan gratis ou algo raro hai; e logo e máis grave aínda, pregunta que criterio se seguiu para subcontratar durante o ano dous mil nove centos e centos de pequenas obras, ben feitas, mal feitas, pero case todas sen control, que cando menos gastou setenta mil euros por enriba do orzamento que tiña, porque iso está nun expediente extraxudicial de crédito pendente do seu pagamento; que hai cousas de risa, que traballos que viñan facendo traballadores do Concello con absoluta normalidade, porque tiñan unha organización mínima de traballo, que se fixeron a través de empresas gastándose moitos cartos, que non as vai relacionar porque non quere deixar ningunha fóra de sitio, coma aparafusar un sinal e cobrar douscentos euros, cando hai persoal municipal cualificado para facer estas tarefas, e así sucesivamente, polo que pregunta sobre das memorias, a planificación dos traballos, quen presupostou eses investimentos, etc porque ata se pode dudar de que os traballos estean ben feitos, xa que hai cuestións que se fixeron e aos dous días se taparon ou se desfixeron, porque estaban mal feitas, que se lle pode dar nomes e apelidos pero neste primeiro viaxe lle gustaría que lle contestase sobre o que lle preguntou.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido manifesta que cree que a situación é grave coma para que se pidan explicacións e se dean explicacións, e roga que ese resumo que se acaba de facer, xa que hai discrepancias entre as obras relación que constan no documento de petición de comparecencia, que se facilitara por escrito; que tamén quere recordar que as obras neste Concello se aproban por unanimidade, que sacadas aquelas obras do Plan E, as obras se veñen aprobando por unanimidade; que viron con especial preocupación aquela visita á Deputación, da que eles se entearon pola prensa aínda que forman parte da Corporación, e daquel acordo a que se chegou non ven a boa sintonía por ningún lado, e hai que recordarlle ao Bloque que aínda non hai un ano que saíu do goberno, e tamén a súa cota de participación nesa ineficacia tamén a ten que levar; que respecto das beirarrúas de Sillobre o partido popular o ven denunciando dende o principio, dende que se presentou o concurso de acredores xa dixeron que había que poñerse as pilas, que sería un problema importante que afectou máis a Deputación pero que tamén estivo aquí durmindo, xa que veu á Comisión en decembro e a Pleno en xaneiro; que respecto dos proxectos da auga en Magalofes e o abastecemento e saneamento en San Marcos nin que dicir ten é que non hai nada feito, que este era un rogo que ía facer pero que xa aproveita, que teñen constancia por escrito, xa que llo deu o goberno, de que o Concello non ten a dispoñibilidade dos terreos, e aínda que a Xunta de Galicia acceda ao financiamento da totalidade do proxecto, os terreos non se teñen, e fai alusión á contestación recibida á súa petición de nove de marzo de dous mil dez no que pedía a copia da escritura da compra venta do terreo no que se construíra o depósito da auga para o abastecemento dos veciños da parroquia de Magalofes, e o

certo é que ese terreo non está a disposición do Concello, que tamén se pediu copia da escritura de compra venta ou cesión do terro que está situado no Casal, ao lado do transformador, que é onde van os bombeos e tampouco está feito, e que respecto da financiamento deses proxectos nada hai, xa que tamén se pediron os convenios e compromisos asinados coa Concellería para ver o onde estaba ese compromiso de financiamento e o único compromiso que hai é a acta de catro de xaneiro do ano dous mil sete; que respecto do arranxo do camiño de Mundín e o do estanque do río Sandeu dixeron que efectivamente esa subvención se perdeu, estaba adxudicada a unha empresa da comarca e coma o Concello non solicitou os permisos de Medio Ambiente e Costas, a empresa renunciou ao contrato, e a obra non se fixo, cousa que está por escrito; que respecto ao rebacheo dos camiños, foi no último Pleno e máis o anterior no que eles solicitaron os rebacheos que consideraron oportunos, entre centos, e pregunta sobre o criterio de cando rebachear ou cando facer un rego, coma o camiño da entrada de Fene, que ten un rego total que está feito non se sabe nin con que proxecto, nin que financiamento, que se alegra de que estea feito, pero hai que saber o criterio, ou polo menos informar nas Comisións Informativas; que lle sorprende ver na prensa coma agora se están a pactar os presupostos do ano dous mil dez e se están a pedir unha serie de obras nun orzamento que vai ter un período de execución de seis meses, polo que pide un pouco de seriedade.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que xa está dito todo e que non hai dúbida de que cando se chegan a estas situacións o BNG é culpable na parte en que estivo gobernando aínda que o equipo de goberno ten unha porcentaxe altísima desta culpa; que todos saben que tamén houbo unha determinada persoa que non contribuíu moito coa súa aptitude sobre determinados informes aínda que iso non pode servir de desculpas de todas as cousas; que hai que tomar as medidas necesarias, nun sentido positivo, para ir cara adiante con estes proxectos.

A continuación intervén o Sr. alcalde que manifesta que quere facer unha matización sobre a auga de Magalofes, en relación coa intervención do voceiro do partido popular, xa que lle parece moi forte que se diga que da auga de Magalofes e do saneamento e abastecemento a San Marcos no hai nada, cando vostede en concreto votou ata tres veces neste Pleno eses proxectos e hai que preguntarlles aos veciños de San Marcos e a parte alta de Sillobre si cederon terreos ou non para pasar coa rede de sumidoiros, outra cousa e que a día de hoxe estea pendente de escriturar no notario e no rexistro da propiedade os terreos do bombeo e do depósito, iso si, que é unha parte, pero non todo o proxecto; que hai que preguntarlle ao Conselleiro de Medio Ambiente deste goberno cando vai poñer os cartos para o financiamento desta obra, que os terreos estarán a tempo, non coma o anterior Conselleiro Patxi Vázquez que se comprometeu con este Concello ao financiamento do millón de euros que costa a auga de Magalofes, o outro millón de euros que costa a auga de San Marcos e os oitocentos mil euros que costa a rede de sumidoiros de San Marcos e a parte alta de Sillobre e, en base a iso, o Concello comezou a facer as xestións para poder ter os terreos a disposición, poder facer o proxecto, pagalo coma o pagou, aprobalo neste Pleno, poñer os terreos a disposición da Xunta de Galicia e facer toda a parte municipal para poder facer esta obra pero, desgraciadamente para este proxecto, vostedes gañaron as seleccións hai un ano, e cando coa Xunta de Galicia se intenta tratar isto, xa se sabe o que lles dixo o conselleiro o outro día, que a auga a San Marcos dixo que non se vai facer e a auga a Magalofes e a auga a San Marcos nos dixo que si, pero si o Concello poñía o corenta por cento da obra, e isto cambia sustancialmente.

(Neste momento ausentase da sesión o Sr. concelleiro Edgar Antonio Vigo López, sendo as dezanove horas e corenta e tres minutos).

Continúa o Sr. alcalde a súa intervención dicindo que de pasar a poñer proxectos, terreos e o desdobre da canalización en Magalofes que se vai financiar co PCC, a poñer ademais douscentos e pico mil euros enriba da mesa, que se está a estudar para os poder poñer, pero non é certo que non hai nada, outra cousa é que falte a formalidade de inscribir no Rexistro da Propiedade eses terreos.

(Neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro Edgar Antonio Vigo López, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta respecto o de subcontratar obras e que se excederon do orzamento di que lle pode gustar máis ou menos coma se leva a Concellería pero dende logo non vai dar unha explicación do que fai cada día; que se fai un plan de rebacheos cunha empresa externa porque ten mellores medios para o facer e porque había un montón de tempo que non se facía e el non levaba camiños ata xullo do ano pasado; que con respecto a outras cousas que se subcontratan pois si hai que facelo, en xullo do ano pasado estaba todo Fene sen desbrozar polo que si se quere facer todo o desbroce durante o verán houbo que subcontratar unha parte e facer outra cos nosos medios, o que é bastante lóxico e sinxelo; respecto das beirarrúas de Barallobre, o cruce do Rego da Moa e a EDAR estase a falar coa dirección de obra constantemente e teñen xente do Concello que o está revisando, concretamente respecto da EDAR se falou coa Deputación e da Xunta de Galicia, e se remitiron cartas á Xunta de Galicia protestando pola reposición que se está a facer; que o que se fixo dun mes para aquí, o informe do POS que fixo Javier Vizcaino está dende antes do nadal na Deputación, xa que o entregou el persoalmente, que o informe da COTOPT do PCP 2007, a data de entrada no Concello foi o nove de decembro, o informe de Aquagest é do vinte e seis de outubro, e así se pode seguir, Xunta de Galicia dezaseis de novembro, ADIF tres de decembro, poden seguir e di que están no expediente, que non se fixo nada dun Pleno para outro, que as cousas levan os seus trámites; que hai unha cousa que lle asusta que e lle asombra profundamente que é o descoñecemento absoluto que o BNG ten dos plans provinciais de obras, que o relatorio de obras non é o que é polo que lle pide que consulte cun rúeiro os nomes das rúas ou que revise as actas dos Plenos, xa que esas obras foron cambiadas e se consensuaron cando gobernaban en coalición e están todas nos expedientes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que lamente moitísimo, primeiro que interveña o Sr. alcalde nun Pleno no que piden a comparecencia do concelleiro delegado de obras e se poñan en debate co portavoz do partido popular, o que lle parece improcedente, segundo que o Sr. concelleiro delegado de obras non contesta ordenadamente as preguntas coma lle preguntou el, que por iso el pretendía ir a poucos, xa que dubidaba da súa capacidade, e acaba de dicir que non ten porque dar explicacións do que fai todos os días, pois este é o sitio no que ten que dar explicacións e o ten que dar neste Pleno, porque llo pregunta un concelleiro electo polos veciños e veciñas de Fene, que onde se veu que non teña que dar explicacións do que fai, que si que as ten que dar; que se non ten plan de rebacheos que o diga, que lle dixo a Begasucegsa que asfaltara o que vira, que así veñen despois as facturas, que non se saben o que lles vai custar por non facer un presuposto e logo lles caen uns importes moi grandes, ou non hai incrementos de obra no ano dous mil nove escandalosos por non pedir presupostos previos, xa que se non, non se pode entender coma un se mete a uns gastos para os que non se ten cartos, que lle conteste a iso; que lle conteste se hai datas posteriores á petición da Deputación de febreiro, que concretamente pide que se complemente o informe do PXOM, que se acheguen os informes sectoriais e un informe do alcalde do porque se vota en contra do informe da Secretaría, tres cousas bastante claras, e pregunta se estaban pedidos ou non, e se estaban pedidos de que data foron, foron reenviados, xa que hai un momento dixo que si pero mesturando todo, que a eles o que lles preocupa fundamentalmente é que o POS e o PCP 2007 se fagan, e efectivamente xa lle dixo que esperaba que fose un erro seu e espera que este fose o POS que se aprobou no ano dous mil sete e que despois tivo unha modificación no Pleno no ano dous mil oito, e pode ser que coma levamos dende aquela sen facelo, dous millóns en obras sen facer, sen adjudicar, é normal que el que é humano e non é concelleiro de obras, puidera ter unha equivocación, xa que repite, espera que sexa unha equivocación súa, se non fóra así é que vostede está a pedir informes de obras que non están aprobadas e enviadas a Deputación; que en todo caso iso é o de menos, porque se nos explica coma están procedementalmente o POS e o PCP e se nos asegura que para o mes está

adxudicado, aquí todos tranquilos; que vostede ademais, di que non ten que dar explicacións e as ten que dar aquí, xa que sería unha falla de respecto total e absoluta, que xa se chegou ao extremo de non dar explicacións nas comisións, que non atende aos veciños e que non atende a Corporación no Pleno, que se non quere dar explicacións de palabra que a dea por escrito e o BNG se dará por atendido; que respecto da súa xestión pregunta se hai plan de rebacheo ou non o hai, e o pregunta porque coma hai tantas obras sen facer, pódese dar a coincidencia de que vostede arranxe un camiño que maná teña que romper para facer un abastecemento ou un saneamento, por iso preguntan, para que non emplee os poucos cartos que hai en amañar dúas veces o mesmo burato; que respecto da súa xestión preguntoulle e segue a preguntarlle coma aglomerou tres camiños dos que non hai proxecto, que non hai ningún criterio, que non hai ningún órgano que os aprobara e apareceron aglomerados, e que ademais non hai factura, que son pequenos e que era necesario, certo, pero quere saber como se fixo e matiza ademais que era mellor ir ao ancho que fixaba o Plan; que hai cuestións coma son a ampliacións de obra coma pode ser no campo de fútbol, na praza da Humanidade que aparecen nas obras que están sen pagamento do ano pasado que si vostede o explicara na Comisión, pensa que ningún grupo político o ía poñer a proba, inda sabendo que igual non había financiamento para o facer ou se houbera que facer algún tipo de xestión posterior, pero non o fai, fai as cousas sen criterio e gastando os cartos de todos; que lle esixen que lles explique o que ten previsto facer, que se non ten capacidade de o facer, xa sabe o que ten que facer o Sr. alcalde.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido expón por alusións que ata o trinta de xuño do ano pasado foi a concelleira de servizos e mantemento e que respecto dos desbroces do ano pasado di que o que sucedeu o ano pasado foi por non contratar tempo e en forma un segundo tractorista, que demandou que dende o mes de maio ao mes de setembro comezara un tractor polas tardes, e non se contratou, e que coma iso moitas cousas máis; que cando ela era concelleira de servizos se rebachaban os camiños, co persoal e medios do Concello, se ían mirar os camiños que estaban mal, se facía unha listaxe e sobre diso se ían facendo, mellor ou peor, que non era un traballo nada doado de facer, pero se facían con medios municipais e se aforraban moitos cartos e se tiñan en conta aos traballadores do Concello, e non arranxando sen sentido aquí e alí, que ese non é o xeito de xestionar.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que quere sinalar que se lles indicou que tiñan que mercar un rueiro e cree que o ten que mercar el, xa que o camiño da Lomba a Romariz se fai no PCP 2007 e el mesmo o meteu no POS 2010.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que se reitera no dito, e quere aclarar que xa sabe que os proxectos están feitos, que votaron a favor deles, pero fala de escrituras de compra venta e de cesións, de convenios económicos, xa que o acta do Pleno de catro de xaneiro do ano dous mil sete recolle o acordo por unanimidade do proxecto da auga a Magalofes, e pasaron xa tres anos e as cousas non están aínda rematadas e que non se pode dicir que veña a consellería e o faga despois de tres anos.

A continuación intervén o Sr. alcalde, por alusións, e reitera ao voceiro do partido popular que sabe que os terreos están negociados, que están a disposición do Concello e que no momento en que haxa cartos da Xunta de Galicia para facer a obra, eses terreos poderanse escriturar.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que o método para rebachear camiños é basicamente o relatado pola Sra. Roca Requeijo, o de ir co encargado polo Concello e ver os camiños que están mal, pedirlle unha listaxe e facer uns cos operarios municipais e outros, que igual necesitaban máis traballo ou que necesitaban un rego, facelos con alguén externo; que respecto dos cartos que se están a gastar ou malgastar con obras di que sempre se piden tres orzamentos, que sempre se da conta na comisión dos orzamentos que

se teñen e o que se vai facer, se fixo coas podas e cun montón de cousas; que respecto das obras dos POS relatou orzamento a orzamento as obras que están no POS.

(Neste momento ausentase da sesión a Sra. concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as vinte horas).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que logo da incapacidade de anotar e responder volve preguntar e mestura cuestións de servizos, do que non se lle preguntou nada, aínda que tamén se pode meter nese asunto, pero non é obxecto da comparecencia e non lle vai preguntar nin pola xardiñería, nin polos desbroces;

(Neste momento incorpórase á sesión a Sra. concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as vinte horas e catro minutos).

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín, quen pregunta se fai memorias valoradas ou proxectos para aglomerar ou asfaltar os camiños, se os fai con informe dalgún técnico municipal, aínda que xa saben que non, porque ninguén sabe neste Concello o que se vai facer; que non é o mesmo facer unha reposición de firme con zahorra ou aglomerado con persoal municipal tapando buratos que o mantemento ordinario dos camiños, que iso si se facía dende a concellería de servizos antes e entenden que se debería seguir facendo e que non ten nada que ver iso cos regos asfálticos ou aglomerados das obras antes mencionados, que se tiña que dar conta destas obras con proxectos ou memorias valoradas e non aparecer con esas obras, moitas delas sen pagamento, nin sen saber o custe delas.

(Neste momento ausentase da sesión o Sr. concelleiro Edgar Antonio Vigo López, sendo as vinte horas e cinco minutos).

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín dicindo que en todo caso repite, e pregunta que xestións fixo vostede das obras na N-VI, das beirarrúas de Barallobre xa saben que non fixo nada, que fixo na cuestión da EDAR, mandar escritos, se lle preguntou e se lle pediu eses escritos na Comisión e non llos deron, que se lle preguntou por eses escritos o vinte e seis de marzo e tampouco llos deron, será que os remitiron despois desa data ou que non os presentou, que respecto desta obra di que tamén pasa por outros Concellos coma son Ares e Mugaros, un do PSOE e outro do BNG, e están segurísimos de que conseguiron melloras importantes porque os seus alcaldes e concelleiros de obras presionaron e incluso ameazaron coa paralización daquelas, cousa que vostede non fixo; que non lle respondeu onde vai o arranxo de río Sandeu e do camiño de Santa Ana, non dixo nada, non explicou se tiña plan de rebacheos, cando empezou ou cando vai acabar ou so se lle dixo ao encargado que empezase a tapar buratos, porque iso non é un plan e non explicou o porque da contratación de moitas obras, ínfimas moitas delas, coma colocación de dous bolardos, de sinais, etc, moitas delas que podían terse colocado con persoal municipal e aforrar moitos cartos; queren que se lles dea unha explicación e pide ao alcalde que se non é quen de explicar isto o cese e lle dea outra tarefa máis sinxela; que pide que lles explique estas cuestións e ofrécelle o apoio do BNG para sacar estas obras adiante, caso contrario pide a súa dimisión.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedida expón que neste plan de rebacheos se están facendo cachos mínimos de camiños e non camiños completos e segundo os criterios dos encargados de obras e servizos non se elaboraron memorias ou proxectos; respecto da N-VI tiveron varias reunións, a última se reuniron con Ricardo Toba para tratar deste tema o mesmo día en que se reuniron con representantes de Augas de Galicia polo tema do emisario de Limodre; respecto das beirarrúas de Barallobre se falou co deputado provincial Bernardino Rama mil veces deste tema, estivo en Barallobre co representante de Suso Fernandez antes de que dese a suspensión de pagamentos; que respecto da EDAR se fala case que a diario coa dirección de obra, cando houbo problemas coas reposicións e é máis, estan a colaborar dende

o Concello, xa que queren colocar un colector nun tramo por onde xa vai a rede de sumidoiros e é un terreo privado, que estan a falar con eles a axudándolles a negociar cos propietarios da finca; que en río Sandeu non se perderon os cartos, pasou que o permiso de Medio Ambiente tardou moito e antes de chegar a empresa renunciou a facer a obra, e os cartos seguen aí, fai pouco tiveron unha reunión con Diego Calvo que lles explicou que os cartos non estaban perdidos; respecto das obras pequenas subcontratadas di que si, que algunha se fixo pero que podendo ser sempre se opta por facelo con traballadores do Concello; que respecto da adxudicación das obras de Deputación di que o informe dos redactores do Plan se remitiu a finais de decembro, e sen embargo esperamos a que estivesen todos os permisos sectoriais para non mandar un de cada vez, e cando estiveron todos, foi cando se lle mandaron polo que na data do escrito que ven da Deputación aínda non estaban todos os permisos, que si que están remitidos todos a día de hoxe á Deputación, que segundo unha conversa co presidente da Deputación os cartos están garantidos xa que cambiou o financiamento, unha parte é do MAP e outra da Deputación, e esta última asumiu integramente o custe dos POS e do PCP que está atrasado en Fene.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido pregunta como vai facer o pagamento dunhas obras que non teñen memoria, hai traballos que ademais precisan de calidade, pero non hai memoria pola que se basear; que nunca houbo este caos e nivel de desatención neste Concello e tamén di que nunca tantos cartos houbo neste Concello, que nunca tanto investimento doutras Administracións ou convenios e nunca tantos cartos se perderon de investir e que eles participaron moitas veces na xestión deses cartos e que lles molesta profundamente cando os veciños preguntan, pero aínda non está feito este camiño; que aínda queda un ano e pide que se poña as pilas e que traballe por Fene, que estiveron aguantando e que tomaron a decisión da comparecencia ao ver o escrito da Deputación que lles solicitaba algo que levaba cinco meses acordado, polo que pide que se traballe ou si non é quen de sacar isto adiante dimita.

(Neste momento ausentase da sesión a Sra. concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as vinte horas e catorce minutos).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido di que quere puntualizar respecto da obra da N-VI que cando veu o ministro a maquinaria estaba para facer o traballo pero que non se contou co mal tempo, que non sabe si por arte e parte do concelleiro ou do ministro pero esta xestión está feita; que respecto da auga de Magalofes e San Marcos di que por parte do concelleiro Agustín Hernandez vai poñer en marcha cinco depuradoras, dunha non se lembra pero as outras catro van para gobernos socialistas en Portoson, Noia e As Pontes e outra para o partido popular que é a de Ribeira polo que pide que se faga o proxecto, que os cartos han de aparecer, que por iso se fan estes proxectos porque o traballo estaba feito.

(Neste momento incorpórase á sesión a Sra. concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as vinte horas e dezaseis minutos).

De seguido intervén o Sr. alcalde que manifesta que as depuradoras estaban comprometidas de antes, que en todo caso, o proxecto está feito.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido expón sobre os rebacheos o encargado de servizos tiña uns listados das zonas a facer, se foron ver, se pediron un par de presupostos e aceptamos o máis barato que é o que se está a facer, que facía falla un rego nalgunha parte; que se está a facer o pagamento por metros cadrados, se mediu o camiño e é o que se fai, do mesmo xeito que se fixo cos aglomerados, eran uns camiños que estaban reclamando os veciños dende hai moito tempo, se mediu e en función diso se pagou.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido expón respecto ao dito polo Sr. Galego Feal que eles queren que se faga a auga de Magalofes, polo que lle pediron ao partido socialista que no orzamento incluíse unha partida, xa que o concelleiro propón que o Concello poña unha parte que se inclúa unha partida a dou, tres ou catro anos, xa que non é unha obra que se faga dun día para outro e é difícil que se execute neste orzamento, pero polo menos ter feita a xestión política para comezar un posible convenio, segundo a vontade das partes e si o Concello ten disposición económica, e suxire ao Sr. Galego Feal que faga as xestións oportunas co Sr. Hernández para que en vez do corenta pode ser o vinte por cento do orzamento e saia máis barata a obra para Fene; respecto dos camiños alégrase que o concelleiro de obras admita por fin que non se fixo absolutamente nada, máis que unha breve memoria de andar por casa e que cando se facture esas obras, que terá que asumir, se expliquen todo ese relatorio de camiños que se fixeron e se expliquen as que queden sen facer en comisión e pregunta que queren saber cómo se aglomeraron os camiños, e queren ver as facturas de quen as fixo, como as fixo e canto custaron, porque xa son do ano pasado e non hai facturación, xa que non constan e lle pedimos que nolo expliquen; polo resto xa demostrou vostede que o camiño de río Sandeu non se vai facer, que o camiño de Santa Ana non se vai amañar, xa que está tan mal que é difícil saber onde se vai rebachear e que dende o PIL 2007 que se ía facer agora esta intransitable; que dende o BNG lamentan que non teña capacidade para responder ás preguntas acorde ao seu cargo nin de responder aos veciños e esperan que no próximo mes de maio teña as obras xa adxudicadas, porque o trinta de xuño remata o prazo para o POS 2007, ademais é imprescindible ter adxudicadas as obras para adxudicar o POS 2008, do que aínda non se falou, o POS 2009 e POS 2010 e conclúe que desta comparecencia sacan a súa negligencia, abandono, pouco traballo e moita improvisación polo que lle esixen información e explicacións e se non pide a súa dimisión, con isto do BNG di que pode obter colaboración, axuda e en moitos casos asesoramento.

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 104/2010 do 1 de marzo de 2010 e a número 178/2010 do 30 de marzo de 2010, manifestando o Sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

10º.- MOCIÓNS URXENTES.

Seguidamente intervén o Sr. alcalde-presidente que expón que hai unha moción urxente proposta polo grupo municipal do BNG contra a supresión do Servizo Galego de Igualdade e pola retirada o anteproxecto de lei para a súa extinción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, expón que a xustificación da urxencia ven determinada pola presentación por parte da Xunta de Galicia dun anteproxecto de lei para a supresión do Servizo Galego de Igualdade, que está a piques de entrar en debate no Parlamento Galego e coa maioría que teñen seguro que se aproba; que coma eles non están de acordo coa brigada de demolición dos servizos sociais e a eliminación deste servizo de igualdade, instaurado xa por un goberno popular a petición dun movemento feminista nos anos noventa, é polo que presentan esta moción pola vía de urxencia.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

(Neste momento auséntase da sesión a Sra. concelleira Inés Roca Requeijo, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos).

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido manifesta que o Servizo Galego de Igualdade pasaría a formar parte da Secretaría de Igualdade e que a súa preocupación sería a eliminación de transversalidade que tiña ata o momento, xa que tiña representantes en todos os departamentos da Xunta; a continuación pasa a dar lectura da moción que, transcrita di:

Manuel Polo Gundín, portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Fene presenta a seguinte ;

MOCIÓN CONTRA A SUPRESIÓN DO SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE E POLA RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI PARA A SÚA EXTINCIÓN

En 1990 débátese no Parlamento galego o proxecto de lei de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGPIHM), logo de ter rexeitado a maioría conservadora a presentación dunha Iniciativa Lexislativa Popular de creación dun Instituto Galego da Muller promovida polo movemento feminista galego. Cubre a dereita con esta iniciativa algún aspecto da demanda feminista: créase un organismo autónomo con orzamento e persoal propio e independente das estruturas governativas e cun consello de dirección con presenza de todos os departamentos da Xunta de Galiza, como instrumento de transversalidade. Pero néganse a denominalo Instituto e a que dependa da Presidencia da Xunta. Finalmente a lei de creación apróbase en 1991 e no ano 1993 o SGPIHM recolle os recursos, persoal e competencias do Instituto da Muller en Galiza.

Na pasada lexislatura o SGPIHM, coñecido xa como Servizo Galego de Igualdade (SGI) pasa a depender da Vicepresidencia da Xunta de Galiza, a través da Secretaría Xeral de Igualdade. Tamén na pasada lexislatura se produce un avance lexislativo a prol da igualdade entre mulleres e homes. En 2007 apróbase a lei do traballo en igualdade das mulleres galegas que establece por lei a paridade na composición dos gobernos galegos e a lei de prevención e tratamento integral da violencia de xénero que establece recursos complementarios e amplía os dereitos da normativa estatal para atender ao fenómeno da violencia de xénero. Ademais moita normativa sobre información estatística, corresponsabilidade, coeducación, saúde das mulleres, cotitularidade agraria...

A principios de 2009 o PP volve ao goberno da Xunta e parálzase de novo a actividade normativa. Dende a súa chegada, o goberno de Núñez Feijóo está ademais a incumprir a normativa vixente. Incumpre a necesaria composición paritaria do goberno, polo que está nos tribunais, incumpre as obrigas de información sobre violencia de xénero ou situación das mulleres ou eliminado a variábel sexo da información sanitaria, obrigas que establece a lei de plan estatístico galego en vigor até 2013.

En marzo de 2010 aparece na páxina web do SGI o borrador dun anteproxecto de lei de extinción do SGI, e na exposición de motivos do anteproxecto e tamén na súa xustificación no pleno do Parlamento galego alúdese ao aforro, á concentración e simplificación da estrutura de igualdade, que en cambio non simplifican en turismo nin sanidade nin deportes, nin medio rural... todas elas e máis con organismos autónomos creados por lei.

Durante estes últimos trinta anos, a normativa que enmarca as políticas de igualdade foi sempre avanzando na mesma dirección, con distintas velocidades, poucas veces cumprindo as demandas das mulleres, pero avanzando.

O Servizo Galego de Igualdade, na súa consideración de organismo autónomo creado por lei e por tanto independente dos decretos de estrutura dos distintos gobernos, proporciona estabilidade e garantías ás relacións entre o Goberno galego e os concellos, nunha materia

compartida e tan sensíbel como as políticas de igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero. É por tanto unha ferramenta necesaria para o avance da igualdade.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar os seguintes

ACORDOS

- 1. Instar ao Goberno galego a retirar o anteproxecto de lei de extinción do Servizo Galego de Igualdade.**
- 2. Instar ao Goberno galego a traballar en colaboración cos concellos para fortalecer os instrumentos administrativos de procura da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.**
- 3. Dar conta do presente acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego e ao presidente do goberno galego.**

Fene 5 de abril de 2009

Manuel Polo Gundín.

Portavoz do grupo municipal do BNG.”

(Neste momento incorpórase á sesión a Sra. concelleira Inés Roca Requeijo, sendo as vinte horas e vinte e oito minutos).

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que votan a urxencia por costume pero en marzo de dous mil dez aparece na páxina web o borrador do anteproxecto de lei, é dicir, que de momento non hai nada; que se dentro do ámbito da consellería, e da súa organización, pode suprimir nominativamente un servizo, pero non quere dicir que o servizo vaia desaparecer, porque coma ven dixo a concelleira pasaría á Secretaría de Igualdade, e que pode ser un aforro, que xa se garante a igualdade dende Madrid co Ministerio de Igualdade; que é unha medida organizativa que tende ao aforro e pode supor un aforro e unha racionalización dos servizos que presta, polo que eles van votar en contra da moción.

A continuación intervén o Sr. alcalde que manifesta que dende o partido socialista van votar a favor da moción porque coma xa foi denunciada esta situación no Parlamento Galego, dos orzamentos deste ano se deduce claramente a supresión do Servizo Galego de Igualdade e é un retroceso máis na política social de Galicia, que creou o partido popular hai anos, dun xeito descafeinado e agora ata renuncia a esa fórmula, polo que van votar a favor da moción xa que as políticas de igualdade deben ser prioritarias para o goberno galego e para calquera goberno deste país.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, expón que a presentación desta moción é a preocupación da eliminación de servizos e estruturas moi próximos aos concellos, se eliminaron as oficinas A mais B, os puntos de información e sabemos que se vai eliminar tamén o SGAI, entón se deixa un pouco a vontade e a sensibilidade de cada concello os recursos que se van garantir en materia de igualdade, polo que se presenta esta moción; que en materia de gastos se recortan en Igualdade pero non se recortan noutras partidas coma en turismo, deporte ou medio rural.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción do BNG de data 5 de abril de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Catro (4), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: Ningúnha.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

(Neste momento ausentase da sesión o Sr. concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal, sendo as vinte horas e trinta minutos).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, expón que quere preguntar si se ten pensado actuar no camiño do Cádavo; pregunta polo estado da beirarrúa de da estrada provincial baixo da ponte de Vilanova; pregunta tamén cando se vai resolver o programa das subvencións a entidades municipais; quere saber coma está o protocolo con Adif e quere recordar que aínda hai preguntas feitas nas comisións informativas que aínda non teñen resposta; que quere coñecer a situación da radio do Concello, aclarar cuestións coma a denominación comercial da radio e que se dea conta da liña informativa que está levando dende a radio.

(Neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro Edgar Antonio Vigo López, sendo as vinte horas e trinta e un minutos).

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que na Comisión de Servizos Sociais se fixo unha pregunta respecto á cocina e o bar do Centro Social e pregunta polas xestións de Alcaldía sobre este asunto; que respecto da feira medieval xa preguntou en outubro de dous mil nove e quere saber se hai algunha factura máis pendente de pagamento.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido expón que quere facer un rogo sobre o tema dos voluminosos sobre a entrevista feita ao alcalde en fene.com e engade que os voluminosos están polas rúas, que antes había un contrato e agora non hai ningún contrato asinado coa nova empresa, polo que solicitan que se lles facilite unha copia dese contrato; pregunta tamén respecto das subvención económicas perdidas no departamento de promoción económica e na contratación da adquisición de maquinaria; roga ao concelleiro que leve á seguinte Comisión o plan de aforro enerxético da Deputación e en relación co extraxudicial di que se reitera no manifestado de non estar a favor das subcontratacións a empresas, que para pintar unha praza de minusválidos non ten porque facerse con empresas, que se pode facer con persoal municipal.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido expón que en relación co expediente extraxudicial roga para que saía adiante; respecto das obras de Maniños, que están indo pola gabia e estanse a producir roturas a cotío da rede de saneamento e o propio encargado das obras dixo que si o Concello fixera un pouco máis de presión se cambiaría todo o colector en vez de facer arranxos puntuais, polo que roga que se faga esta xestión; que o camiño do Cocallo está desastroso polo que roga que alguén inspeccionas as obras e que se faga un traballo de campo con todas as obras que se están a executar; roga tamén ao portavoz do PSOE que deixe algún cargo, xa que non pode con todo o que ten; que roga tamén a todos os concelleiros do goberno que ten que haber máis sinceridade co resto dos compañeiros da Corporación, que non está ben que se poñan a falar por teléfono no medio dunha xuntanza polo que roga un pouco de respecto e educación.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido pregunta por un colector de saneamento en Magalofes; pregunta cando se vai arranxar o camiño do Conde e polas obras de auga en Magalofes; que en relación coas obras de asfaltado da N-VI, si estás van chegar ata Fene; pregunta sobre os accidentes que se produciron estes últimos días no lugar de Santa Ana; roga que se inclúa no programa de reparación das beirarrúas as de fronte ao Concello, Tarrío e avenida Naturais; pregunta si na visita do ministro de Fomento se falou da ampliación do Polígono Industrial de Vilar do Colo; pregunta á concelleira Amalia García Balado cando se teñen pensado limpar os parques das parroquias; roga ao alcalde que se tomen medidas sobre o feito de que a maior parte das preguntas que se fan no Pleno, son de competencias das comisións informativas, pero nas comisións non se están a resolver e se están contestando a través do Pleno, polo que roga que o alcalde tome algunha medida ao respecto.

De seguido intervén o Sr. alcalde quen comeza contestando a esta última pregunta e di que coa nova situación xurídica do Concello se van a reestruturar o funcionamento das comisións para que se poidan incluír cantos asuntos se queiran e deixar para o Pleno as preguntas de máis contido político; respecto das filtracións de auga da vivenda baixo o viaduto de Vilanova dende que se fixeron as obras entra augas limpas nesa casa e comprobouse que non é un problema nin hai responsabilidade de autoestradas, nin de Augagest, nin da empresa que executou as obras do parque, que tampouco é responsabilidade do Concello, non obstante o Concello está a colaborar neste asunto; que respecto ao convenio con Adif di que xa está asinado; que respecto as xestións que se fixeron sobre o comedor e a cociña do centro social di que non hai orzamento.

(Neste momento auséntase da sesión o Sr. concelleiro Juan José Franco Casal, sendo as vinte horas e cincuenta e oito minutos).

Continúa o Sr. alcalde respondendo que non hai máis facturas pendentes en relación coa feira medieval, e contesta en relación a entrevista que saíu en fene.com; que en relación as subvencións di que non se perdeu ningunha; que hai unha xuntanza solicitada e pendente co Director de Xuventude, en relación co local de Chamoso, que o Concello fixo todo e llo pasou a Xunta de Galicia e a Xunta non asinou a autorización, xa que ao parecer lles informaron que a rede galega de locais de ensaio non entra coma caso prioritario; que tamén contesta sobre a EDAR de Maniños; que respecto do asfaltado da N-VI contesta que as máquinas están en Santa Ana e segundo mellora o tempo irán baixando cara a Fene; respecto das curvas de Santa Ana vaise asfaltar cun firme rugoso, que polas súas características é menos perigoso para a circulación; respecto do Polígono Industrial de Vilar do Colo contesta que está en trámites asinar o protocolo de ampliación do polígono e que a ronda oeste vai coa aprobación do POL.

(Neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro Juan José Franco Casal, sendo as vinte e unha horas e un minuto).

De seguido pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido contesta sobre as preguntas do camiño do Conde e da auga de Magalofes.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido resposta que hai previsión para o pagamento das subvencións do ano dous mil nove e di que o voceiro estaba na comisión cando se explicou este asunto, que se quedou que á volta de semana santa se convocaría a comisión; que respecto dos locais de ensaio tamén se deu conta na comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. García Balado quen, unha vez concedido responde que a limpeza de parques vai comezar a vindeira semana.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido pregunta en relación coa caseta de turismo, cómo se vai contratar o servizo de información, si se vai facer con publicidade ou directamente; pregunta polo importe ingresado en concepto de publicidade da emisora municipal nos anos dous mil sete, oito e nove; pregunta tamén si se mandou o informe xustificativo do Plan Provincial de axuda contra a crise; que quere facer un rogo xa que na avenida Marqués de Figueroa coa rúa Queiroga urxe o seu pintado; roga tamén que cando se faga a declaración do presuposto se facilite un listado de débedas con provedores, que o hai que ter en conta xa que estes non poden negociar nada; que cando vaia á comisión o Plan de ordenación do litoral roga que asista un técnico municipal para explicar o tema.

A continuación intervén o Sr. alcalde que contesta en relación co Plan de ordenación do litoral que non ningún problema, que o técnico está agora a descifrar a documentación; que sobre o tema do PAC xa está xustifico e sobre a caseta de turismo será por publicidade directa e se dará conta en comisión informativa.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido que contesta á pregunta da publicidade da emisora que xa lle entregou un informe ao voceiro do PP e que ese informe a día de hoxe é a información que se ten, que o Concello non ten coñecemento de ingresos por publicidade dende esas datas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido pregunta polo estado do orzamento e pola situación da relación dos postos de traballo; pregunta tamén pola cociña e comedor do centro da terceira idade; pregunta tamén cando remata a obra do parque de Vilanova, cando se comeza a licitación das obras do Plan E e polas beirarrúas de Barallobre; pregunta tamén polo alumeado do paseo marítimo de San Valentín e roga que neste mesmo paseo marítimo, ao final deste no límite con Neda, hai unha pasarela e a zona está moi evaradiza e se están a producir moitas caídas polo que roga o se mire este tema.

De seguido intervén o Sr. alcalde que resposta que se trata dunha pasarela de madeira, que ten moita humidade e a zona está esvaradiza por culpa do material; respecto o alumeado de San Valentín di que se vai substituír todo o alumeado deste paseo; que das obras do Plan E explica que unhas obras están licitadas e outras están a piques de ser licitadas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido resposta sobre o orzamento e di que se está a traballar nel.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Lourido González que resposta sobre a RPT que falou e que xa lles pasou a relación dos traballadores de segunda actividade e que a negociación colectiva será en breve.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace,
O Alcalde-Presidente

Iván Puentes Rivera

A secretaria accidental,

Ana María Vázquez Menéndez